

PARTÍCULAS EXCEPTIVAS: PROBLEMAS DE DELIMITACIÓN E PROPOSTA DE ANÁLISE

EVA M^a DOMÍNGUEZ NOYA

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
edomin@cirp.es

RESUMO

Neste traballo, partindo dun corpus amplo e variado de elaboración propia conformado a partir de exemplos extraídos dos corpus de referencia do galego común escrito actual -CORGA e TILG-, realizo unha descrición exhaustiva do comportamento funcional das partículas exceptivas~excluíntes *excepto*, *menos*, *quitado*, *quitando*, *sacado*, *sacando* e *salvo*, e destas en combinación coas conxuncións *que* e *se*. Así mesmo, cuestiono a súa delimitación nos manuais actuais tanto na clase das preposicións como na das conxuncións, analizando polo miúdo os argumentos esgrimidos a favor e en contra, e remato facendo unha proposta de análise e propoñendo unha nova categorización.

ABSTRACT

A comprehensive description of the functional behaviour of the Galician excluding~exceptive particles "excepto", "menos", "quitado", "quitando", "sacado", "sacando" and "salvo", and combinations of these with "que" and "se", is presented in this work. A vast and heterogeneous corpus, self-compiled from examples retrieved from the reference corpora of present-day written common Galician language (CORGA and TILG), was used for this purpose. Classification of these particles either as prepositions or conjunctions in present literature is also questioned in this article, while exposing the reasons both for and against each theory. Finally, an analysis model and a new categorisation are proposed.

PALABRAS CHAVE

Partículas exceptivas, corpus, categorización, preposición, conxunción, adverbio, polaridade, correlación, sintaxe, galego

KEYWORDS

Exceptive particles, corpus, categorisation, preposition, conjunction, adverb, polarity, correlation, syntax, Galician language

1. *Introdución*

A diferenza na clasificación categorial das unidades *excepto, menos, quitado, quitando, sacado, sacando, salvo* e *senón* en dous dos últimos manuais do galego, por un lado *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG/ILG, 2003, en diante *Normas*) e *Gramática da lingua galega* (Álvarez e Xove, 2002) polo outro, provocou que, por curiosidade, me achegase a todas estas unidades en galego¹. A medida que ía vendo exemplos e aprofundando no seu comportamento descubrín que a situación era moito máis complexa do que nun principio imaxinaba, pois, á parte da máis que coñecida problemática existente para delimitalos categorialmente -dado que non acaban de encaixar ben en ningunha das clases invariables- ou precisamente o que o explica, topei con que o seu emprego está condicionado, en xeral, polas seguintes variables: polaridade, expresión dun correlato e función sintáctica que desempeña o segmento ao que acompaña.

Ao longo deste traballo, partindo da clasificación proposta nos distintos manuais do galego e fundamentando a análise nunha casuística exhaustiva do seu uso no galego escrito recente que teña en conta as variables anteriores, conformada a partir de exemplos tirados do *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) e do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG)², tento explicar por que as unidades enumeradas arriba

¹ Este artigo propiciouno indirectamente M^a Paula Santalla del Río, en calidade de investigadora principal do proxecto *Desarrollo de Recursos para el Análisis Sintáctico Automático del Español* (DRASAE), quen, por participar nel, me encomendou realizar unha proposta de análise exhaustiva, coherente e consistente para todas estas partículas en relación cos adverbios de foco. Eu decidín non restrinxirme ao castelán e estendelo tamén ao galego. Velaquí o resultado.

O meu agradecemento a Paula Santalla, Guillermo Rojo e Marisol López, quen en maior ou menor medida, reflexionaron comigo sobre a cuestión.

² Disponíbeles respectivamente en <http://corpus.cirp.es> e

non poden considerarse preposicións nin acaban de encaixar ben tampouco nas outras dúas clases de palabras que acollen os elementos invariables: adverbio e conxunción.

Por cuestións de espazo mais tamén porque noutros usos se desvía do valor exceptivo que aquí imos ver, prescindindo nesta análise de *senón*, para o que espero poder dar conta das súas peculiaridades proximamente.

2. As partículas exceptivas nos principais manuais do galego actual

Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986: 504, 505, 510, 511) caracterizan como preposicións *excepto*, *menos*, *quitado/quitando*, *sacado/sacando*, *salvo* e *senón*. Coa excepción de *salvo que*, a cal non recollen, consideran que as anteriores, seguidas da conxunción *que*, son locucións conxuntivas de tipo adversativo.

Costa Casas et al. (1988: 257-258) inclúen *salvo*, *excepto* e *menos* na relación de elementos que sen ser propiamente preposicións cumpren unha función relacionante similar ás que o son.

Freixeiro (2000: 543) engade á relación anterior *senón*, entre os elementos que sen ser propiamente preposicións son capaces de cumpriren unha función relacionante do mesmo tipo que aquelas, establecendo a diferenza entre unhas e outras mediante dous criterios: a) o caso do pronome que rexe cada unha, as propias esixen oblicuo fronte ás impropias que o piden recto, e b) a tonicidade, as propias son átonas mentres que as outras son tónicas. Non considera, non obstante, este autor que ningunha delas seguida de *que* ou *se* constituía locución conxuntiva pois non as recolle nin nas adversativas nin nas condicionais.

As *Normas* (1995 e 2003) recollen na nómina de elementos prepositivos, sen ningún tipo de aclaración posterior, *excepto*, *menos*, *quitando*, *sacado*, *sacando*, *salvo* e *senón* ao lado de, por exemplo, *a*, *de* ou *sen*. Sorprende, non obstante, a omisión de *quitado* nesa listaxe mais é probable que se deba a un erro xa arras-

<http://sli.uvigo.es/TILG/>. Foron numerosas as consultas realizadas a ambos corpus ao longo de abril de 2012 polo que non indicamos a data concreta de cada un dos exemplos de alí tomados.

trado dende a edición de 1995 pois séguese mantendo a paralela *sacado* e no dicionario da academia (RAG, 1997 e 2012³) si figura como preposición.

Ademais, nas *Normas* (1995 e 2003) tamén entenden que, coa excepción de *menos* e *senón*, calquera das anteriores preposicións seguidas polas conxuncións *que* e *se* conforman locucións conxuntivas de tipo condicional: *excepto que, excepto se, quitado que, quitado se, quitando que, quitando se, sacado que, sacado se, sacando que, sacando se, salvo que, salvo se*. A variante con *que*, así mesmo, repite función conxuntiva no elenco de nexos de tipo adversativo cunha lixeira variación: engádense *menos que* e retírase *salvo que*.

Tamén Hermida (2004: 189) inclúe na listaxe de preposicións impropias que denotan exclusión, ademais doutras, *excepto, menos, quitado, quitando, sacado, sacando, salvo* e *senón*. Considera así mesmo, que seguidas de *que* conforman locucións conxuntivas de tipo condicional. Non obstante, se as segue *se* non as trata como locucións *senón* como preposicións, que ao igual que as propias, poden preceder á conxunción condicional prototípica (2004: 213).

Así mesmo López Viñas, Lourenço Mória e Moreda Leirado (2010) inclúen entre os vocábulos doutras categorías gramaticais que poden funcionar como preposición *excepto, menos, quitando, sacado, sacando* e *salvo*; nas locucións conxuntivas de tipo adversativo recollen a combinación só con *excepto, quitado* e *quitando* mentres que nas de tipo condicional introducen as combinacións con *que* e *se* de *excepto, quitado, quitando* e *salvo*.

Álvarez e Xove (2002: 158-159, 655-656) desmárcanse da tónica xeral rexistrada nos distintos manuais galegos ao entender que as partículas exceptivas *-aga ~ agás, bardante, excepto, quitado ~ quitando, sacado ~ sacando* e *salvo-*, malia recoñecer que a relación coas conxuncións adversativas é evidente e que presentan aspectos que permitirían clasificalas tanto nas preposicións como nos adverbios, constitúen un grupo á parte de nexos

³ Disponible en <http://www.realacademiagalega.org/diccionario> [consulta realizada o 30/03/2012].

conxuntivos, para os que propoñen o termo de *restritivos*. Segundo eles, estas unidades, co significado xeral de 'pero non', establecen algún tipo de restrición entre dous elementos e, seguidas de *que* ou *se*, son conxuncións restritivas que introducen un tipo particular de oracións condicionais (2002: 158-159):

Un tipo particular de oracións condicionais está iniciado por sintagmas constituídos por unha conxunción restrictiva (equivalente a 'pero non') e as conx. *se* ou *que* (*aga ~ agás se / que, bardante que, excepto se / que, quitado ~ quitando se / que, sacado ~ sacando se / que, salvo se / que, senón que*) ou outros sintagmas como *a menos que, non sendo se / que, a non ser se / que, de non ser se / que* e *catar se*. Nestas oracións a complexidade sintáctica é maior ca nas outras oracións condicionais, pois o termo que antecede a *se / que* (*excepto, non sendo...*) introduce un reparo ou contraposición de signo contrario ó cumprimento da aserción feita na principal, coma unha sorte de adversativa da anterior e de prótase reducida. A oración conxuncional con *se / que* establece as condicións en que se cumpre a restrición contida no termo anterior. As oracións de *que* constrúense con Subx. e as de *se* con Ind. ou Subx. Pto.[...]

Con algúns destes nexos tamén é posible o verbo en Xer. e en Part., mais en tal caso sen o elemento conxuntivo final:

Non os vas quitar de enriba, *salvo dándolles dunha vez o que che piden*.

Non lle vexo sitio apropiado, *excepto posto no final do corredor*.

Xa na lingüística portuguesa, Cunha e Cintra (1984: 552) recollen entre as preposicións "acidentais" *excepto, menos, salvo* e *senão* mentres que Vilela (1999: 250-251) só menciona en distintos momentos como elementos prepositivos *excepto, salvo, e menos*, mais a súa pretensión non é proporcionar unha nómina exhaustiva senón só amosar as características que as definen: procedencia, significado, polisemia, etc.

Finalmente, na tradición hispánica, malia a dificultade da súa clasificación e exceptuando *sino*, consideráronse maioritariamente preposicións (Alarcos, 1994; DRAE, 1992 ou Pavón Lucero, 1999) ata que na *Nueva Gramática de la lengua española* (RAE, 2009: 2463-2468, en diante NGLE), tras repasar unha serie de propostas diferentes segundo as cales as partículas exceptivas

poderían clasificarse como preposicións, adverbios, conxuncións subordinantes e conxuncións coordinantes, decántanse pola categorización como conxuncións e, de feito, aparecen xa baixo a epígrafe "Conjunciones que denotan excepción".

Tras ver as clasificacións anteriores, varios son os puntos que espertan o meu interese:

1) Realmente *quitado/quitando* e *sacado/sacando* non son formas verbais?

2) En que categoría léxica debemos encadrar *excepto, menos* e *salvo*?

3) A combinación das unidades anteriores coa conxunción *que* ou *se* conforma en realidade locucións conxuntivas?

A continuación centrareime en tentar dar resposta a estas tres cuestións, ou, cando menos, en sacar á luz os diferentes problemas que as rodean. Comezarei pola primeira delas -o participio e xerundio de *sacar* e *quitar* perderon as propiedades verbais que os caracterizaban e gramaticalizáronse?- e veremos se se pode incluír *quitado/quitando* e *sacado/sacando* no mesmo grupo ca *excepto, menos* e *salvo*.

3. *Quitado, quitando, sacado, sacando*

Polo resumo que vimos de ver semella que para a delimitación destas unidades se seguen tres vertentes na filoloxía galega:

1) A que manteñen Costa Casas et al. (1988), Freixeiro (2000) e López Viñas, Lourenço Mória e Moreda Leirado (2010) quen non as contan entre os elementos prepositivos nin conxuntivos. Esta consideración correspóndese coa que se mantén tamén na lingüística portuguesa (Cunha e Cintra, 1984 ou Vilela, 1999).

2) A que mantén a Real Academia Galega e mailos autores que a seguen (Álvarez, Regueira e Monteagudo, 1986; RAE/ILG, 1995 e 2003; Hermida, 2004) ao tratar os elementos simples como preposicións, a combinación con *que*, locucións de tipo adversativo na *Gramática* e, finalmente, nas *Normas* ademais

do anterior, tamén as combinacións con *se* e *que* como locucións de tipo condicional.

3) A que seguen Álvarez e Xove, 2002, ao consideralos conxuncións.

Nesta aproximación vou separar a análise destas catro formas por pares, dadas as peculiaridades que separan a participio e xerundio. Comezarei coas formas participiais, *sacado* e *quitado*, para tentar ver se efectivamente ten lugar a invariabilidade e a posibilidade de levar por termo calquera unidade, excepto forma verbal persoal, características fundamentais das preposicións.

3.1. *Quitado, sacado*

O significado exceptivo non é propiedade exclusiva das formas inmovilizadas en masculino singular senón que devén do significado achegado polo lexema verbal, obviamente en todo o paradigma, e así todas as formas achegan a información de que se exclúe de algo o segmento que acompañan⁴. Non hai dificultades para atopar no corpus máis representativo do galego actual, o CORGA, algún exemplo coas formas flexionadas de *quitar* en concordancia co sintagma que preceden:

Todo o brañal, quitado o cacho de terra firme onde viven as mulleres, é unha inmensa trampa da que non se pode saír con vida se un se aventura a intentalo sen axuda. [CORGA: X. Quiroga, *Atuado na braña*, Xerais, 2002]

Quitada a obrigatoriedade, o celibato podía recuperar o valor de protesta contra a deshumanización do amor e do sexo, contra as distintas formas de escravitude e cousificación da sexualidade. [CORGA: X. Alvilares, *Memorial de agravios*, Galaxia, 1992]

Na festa Nacional do 12 de Outubro, antes "Festa da Raza" estiveron presentes, e en posición de firmes, ademais do goberno central, os presidentes das autonomías, quitados tres: Pujol, Fraga e Ibarretxe. [CORGA: ANT2002-10-17/5]

Quitadas as experiencias de Armando Cotarelo Valledor nos anos vinte e dalgunha función esporádica nos anos sesenta e

⁴ Xeralmente a gramaticalización implica a desemantización (Vilela, 1999: 267)

setenta, a nosa universidade xamais foi receptiva á arte teatral.
[CORGA: TN1997-05/37]

Non obstante, non se documenta ningún exemplo coas formas flexionadas de *sacar*, salvo *sacado*. Acudo entón á páxina do Seminario de Lingüística Informática (SLI)⁵ da Universidade de Vigo e consulto o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG)⁶ e o *Corpus Técnico do Galego* (CTG). Dende logo os resultados amosan un dato ben curioso e é a predominancia das formas de *quitar* sobre as de *sacar*, pois no TILG non sae ningún caso no que *sacadas*, *sacada* ou *sacados* poida concorrer a modo de preposición e o CTG só nos proporciona un único exemplo:

A xeneralidade da intelectualidade galega non ten discurso público verbo da posición de Galicia e do galego na nova sociedade, sacadas un par de excepcións, e menos aínda un discurso rigoroso. [CTG: D. Romero e I. Vaquero, *O galego na rede. Nova realidade, nova política*]

...pois ben claro predicaban as súas amadas escrituras (aínda que non faltaba quen dixese que máis amaba as escrituras da propiedade) , é máis posible que entre un camello en ollo de agulla , que non un rico - sacado o santo pai - no reino dos ceus . [TILG: J. A. Martínez Rodríguez, *Un pequeno favor e outras historias de humor perverso*, Sotelo Blanco, 1984]

Son problemáticos os casos nos que á forma masculina *sacado* ou *quitado* segue un sintagma, sexa pronome tónico, frase nominal ou cláusula de infinitivo, que pode ser interpretado como suxeito da forma verbal en construción absoluta. Por exemplo:

E así foi, o único home, sacado eu, que montara nela fora o mecánico para probala e amañarlle algunha cousa... [CORGA: P. Martín, *Dende a muralla*, Xerais, 1990]

Sacado deleitarse cun alustro de envexa, nada lle pode facer. [CORGAetq: A. Dobao, *Incertos*, Xerais, 2008]

Agora ben, cando á forma inmovilizada en masculino singular, *quitado*, *sacado*, lle segue un segmento que non podemos

⁵ Dispoñible en <http://sli.uvigo.es/RILG/> [Consulta realizada o 29/03/2012]

⁶ Respecto o formato orixinal do corpus en todos os exemplos extraídos del, tanto no que se refire á puntuación como á segmentación de clínicos ou á etiquetaxe dos nomes propios.

identificar co suxeito ou co que non mantén concordancia, non hai dúbida de que xa non estamos ante forma verbal senón ante unha partícula invariable, á que polo momento non me atrevo a delimitar categorialmente. Exemplos⁷:

E non ten antecedentes penais, nin sequera multas sen pagar, quitado esta. [CORGA: X. Borrazás, *Na maleta*, Sotelo Blanco, 2000]

O azucre, o sal e o deterxente fixeran pedras coa forma dos paquetes que os contiñan e as plantas foran morrendo unha atrás doutra, quitado os cactos. [CORGA: X. Borrazás, *Na maleta*, Sotelo Blanco, 2000]

E tiña o siso posuído por un desexo máis grande cá monotonía do traballo na empresa e das relacións cotiás que constituían a súa cèlere vida, quitado Marga e algunha que outra esmorgada pasaxeira que deixaba un pouso de amargor no espírito e o corpo baldado para varias xornadas. [CORGA: X. Quiroga, *Atuado na braña*, Xerais, 2002]

En realidade el amaba a todos os animais irracionais , sacado ós testigos de <3 Xehová 3> . [TILG: J. A. Martínez Rodríguez, *Un pequeno favor e outras historias de humor perverso*, 1984]

E desque viña o tempo de acadá- las non había senón que dar ca <2 Garbosa 2> , endoada de localizar pola choca , porque eilí , con ela , aparecían as outras , sacado a burra que lle gustaba apandillar cas da súa especie . [TILG: A. Poncelas Abella, *O mestre púxose louco*, 1995]

Para ambas unidades constátase tamén a variante coa preposición *de* precedéndoas. As ocorrencias de *de sacado*, só 6 nos tres corpus consultados (CORGA, TILG e CTG), documéntanse en obras de Bieito Iglesias, ben como autor ben como tradutor. Recollemos só un par a modo de exemplo:

A Noiteboa retirou das rúas a todo becho vivente, de sacado ós gatos. [CORGA: B. Iglesias Araúxo, *Vento de seda*, Xerais, 1992]

Notei que non había outras marcas na area mol , de sacado as de <3 Barrymore 3> , e , por último , examinei a fondo o cadáver que ninguén tocara aínda . [TILG: B. Iglesias e M. Vázquez (trad.), *A. Conan Doyle: O can dos Baskerville*, 1996]

⁷ No CORGA non se recolle ningún caso indiscutible con *sacado*; no CTG non aparece máis ca como forma verbal clara e no TILG, a maioría corresponden a un mesmo autor: Poncelas Abella.

Os cerca dunha ducia de casos de *de quitado* corresponden xa a autores diversos, o que en certo modo ofrece máis garantías. Unha pequenísima mostra:

Endémicamente alérxico ós cataláns (*de quitado* os socios do Español RCD) e non digamos ós vascos (agás os carlistas ou o adegueiro Olarra), a política de alianzas do PFP coas minorías nacionalistas nos próximos comicios basearase nos seus paisanos. [CORGA: GI1996-01/34]

O de nós que mellor fala e altera o sentido común no que a xente adoita refuxiar *÷se*, alegou que *de quitado* os seis ou sete que eramos nós, e queríamos saír da cidade, só había pouco máis de media ducia de pasaxeiros naquel momento no microbús. [TILG: X. Cid Cabido, *Grupo abeliano*, Xerais, 1999]

Así pois, si existe un *sacado* e un *quitado* invariables que non se poden tratar como participios. Ademais, existe a variante *de sacado* e *de quitado* nos mesmos contextos e coas mesmas características.

A combinación de *quitado* ~ *de quitado* e *sacado* ~ *de sacado* coas conxuncións *que* e *se* tratareinas, pola semellanza que caracteriza a todas elas, xuntamente coas de *excepto*, *salvo* e *menos* máis adiante nun apartado propio. Non obstante, podo adiantar agora os detalles respecto ás formas para as que apenas temos ocorrencias: ningunha para *sacado se*; 12, pero do mesmo autor, para *sacado que*⁸; 0 para *de sacado que ~ se*; 1 para *de quitado se*; outra para *quitado que* e 2 para *de quitado que*. Quedémonos con estes exemplos:

A cousa federal, que aí á volta dos tempos non se podía mentar por menos de cinco anos e un día, non mete agora medo a ninguén (*de quitado se* pensamos na factura de Jordi). [CORGA: GI1996-05/34]

"Son igualiños cá xente, *de quitado que* teñen que levar bigote para tapar unha bisagra no fuciño que lles permite falar, aínda que sen cambiar nunca de ton de voz. [CORGA: GI1996-03/51]

Cando xa andara un anaco virouse e ollou a vila, todo normal, *quitado que* agora ninguén iría a Santiago ou a Fisterra, para

⁸ Distribuídos equitativamente en dúas obras de A. Poncelas Abella: *O mestre púxose louco*, 1995 e *Contos e lenda do Bierzo*, 2004.

despedir os mortos habería que facelo coma os clásicos, en barca. [CORGA: X. Borrazás, *Na maleta*, Sotelo Blanco, 2000]

E os máis pequenos namais pensabamos en que eses días chegaran cuanto antes , *sacado que* , como todas as cousas boas , tan presto como vein xiban ÷se. [TILG: A. Poncelas Abella, *O mestre púxose louco*, 1995]

Practicaba a diario , con enfermiza escrupulosidade , a asistencia á doutrina , *sacado que* outro labor colquera non podía ser ÷lle encomendado : primeiro era a devoción que a obrigación . [TILG: A. Poncelas Abella, *Contos e lenda do Bierzo*, 2004]

3.2. *Quitando, sacando, quitando que ~ se, sacando que ~ se*

Nas unidades con forma aparente de xerundios, *sacando* e *quitando*, non podemos acudir á flexión xenérica e numérica por ser unha forma non persoal na que non aplican, mais, dado que se trata de formas de procedencia verbal, si podemos comprobar se os esquemas argumentais que as caracterizan como tales se seguen mantendo nas ocorrencias que se supoñen usos preposicionais ou conxuntivos.

Comezo a investigación comprobando se nalgún dos corpus do galego lematizados se inclúen como preposicións, constatando que nin o *Corpus de Referencia do Galego Actual Etiquetado* (CORGAetq)⁹, nin o TILG nin o *Corpus Técnico Anotado de Galego* (CTAG)¹⁰ conteñen ningún caso de *sacando / quitando* preposición, mentres que no TILG si aparecen, por exemplo, casos de *sacado* e *quitado*.

No paso seguinte, consulto e extraio do CORGA todas as ocorrencias de *quitando* e *sacando* que poidan ser conmutadas por *excepto* e converterse así en candidatas á análise como preposicións ou conxuncións. Reproduzo uns cantos exemplos a continuación coa advertencia de que, fóra os casos en que segue subordinada con *que* que tratarei máis adiante, en todos eles o segmento que segue ao xerundio é frase nominal, a maioría, ou pronominal ou preposicional con *a*:

⁹ Dispoñible en <http://corpus.cirp.es/corgaetq> [consultado o 29/03/2012]

¹⁰ Dispoñible en <http://sli.uvigo/CTAG/> [consultado o 29/03/2012]

Sacando a maquillaxe esaxerada e o pelo tinxido dun loiro chamativo, tiña enfronte unha auténtica beleza. [CORGA: Ú. Heinze, *Culpable de asasinato*, Xerais, 1993]

Naquela casa, sacando as catro sinxelas cadeiras da cociña, non había máis que dúas antigas butacas de coiro azulado. [CORGA: X. Fuentes Castro, *O pescador de cana*, Toxosoutos, 2006]

Se o penso con detenemento miña nai era bastante máis forte que meu pai, el tiña, como é natural, forza física, pero quitando eso, miña nai era moito máis forte. [CORGA: C. Franco, *A lúa no cénit e outros textos*, Edicións do Castro, 1988]

Porque, quitando á miña nai, el era a última ponla que subsistía da parte inglesa da familia. [CORGA: M. A. Murado, *Memoria de derribos*, Galaxia, 1993]

"Quitando a Ablanedo, hoxe en día o Spórting non ten xogadores dese tipo e non sei como poderá saír da actual situación", asegura Manjarín que desexa que "eles non pasen ó final apuros, aínda que este domingo nós intentaremos mellora-lo xogo que vimos facendo e para que deste xeito poidamos ganar". [CORGA: CG1995-02-11/103]

Pero, quitando estes cambios lóxicos nas liñas que veñen de Madrid, haberá zonas que continúen esquecidas, como o interior da provincia de Lugo e Ferrolterra. [CORGA: GH2007-03-06/1]

Localizáanse tamén casos nos que o xerundio está precedido da preposición *en*, malia que curiosamente só en exemplos do CORGA e co verbo *quitar*:

Fernando Quintas: En quitando iso, era unha grandísima persoa. [CORGA: X. Flores, *Historia do Deportivo*, Xerais, 1993]

Lestón Fabeiro: Pero daquela case tódolos campos eran iguais, en quitando os dos grandes. [CORGA: X. Flores, *Historia do Deportivo*, Xerais, 1993]

_Anque nós ben sabemos que de Praducelo non virá ninguén ao mitín... eiquí non hai máis que mixiriqueiros que beben adoito auga das pías das igrexas... / En quitando ao Perexe que, amáis de capador dos bóns, é dos do bugallo amarguxado... [CORGA: X. F. López Arias, *A Negra / A caza das cascudas / As augas toldas / Terra sequeira*, Edicións do Castro, 1979]

A exclusión ou excepción expresada por estes dous xerundios en todas as secuencias anteriores tamén ten lugar, loxicamente, incluso cando non son conmutables por *salvo* ou *excepto*, o que ocorre cando están acompañados por circunstanciais

ou con pronomes enclíticos, feito inconcibible nunha preposición ou nunha conxunción:

Era bon home, moi correcto, non sabía que facerlle... pero sacándoo do traballo sobre os blasóns familiares, non tiña máis temas de conversación. [CORGA: M^a X. Queizán, *A semellanza*, Sotelo Blanco, 1992]

Quitando a un lado estas comparacións que se me veñen á cabeza, o certo é que a de onte foi unha noite que non vou esquecer. [CORGA: X. López Rodríguez, *Días de desterro*, Xerais, 1996]

Se nos fixamos nos exemplos tanto de *sacando* coma de *quitando* observaremos que o esquema argumental é o mesmo: PREDICADO + COMPLEMENTO DIRECTO, sen que nos importe que a expresión deste último, se é animado, varía e pode aparecer con ou sen preposición *a*.

Para o galego non existe polo momento ningún corpus ou base de datos sintáctica, ou polo menos eu non teño constancia del, pero si para o castelán. A *BDS* ou *Base de Datos Sintácticos del español actual* desenvolvida polo Departamento de Lingua Española da Universidade de Santiago de Compostela¹¹, a partir dunha selección do corpus ARTHUS (*Archivo de Textos Hispánicos de la Universidad de Santiago de Compostela*), analiza, describe e caracteriza con detalle o esquema argumental de cada un dos Predicados nela contidos. A curiosidade provocou que, por unha parte, comprobábase nela os distintos esquemas para *sacar* e *quitar* e tamén que, por outra, partindo dunha consulta xenérica sobre o esquema Suxeito e Complemento Directo dos infinitivos anteriores, perseguíase a análise das formas verbais *sacando* e *quitando* cando estas aparecían en contextos semellantes aos que estamos analizando. Alí dei con algún exemplo de cada, que pola análise realizada¹², é considerado plenamente unha forma verbal. Por exemplo:

Enc.- ¿Y fuera de Madrid ha vivido mucho tiempo? / Inf.- ¿Yo? pues, quitando mis salidas esporádicas, siempre. [BDS: *Madrid*: 228, 33]

¹¹ Disponível en <http://www.bds.usc.es/consultas/> [Consultada o 30/03/2012]

¹² Todos eles aparecen baixo o esquema Suxeito e Complemento Directo en voz activa.

dicen que les atrae mucho, sobre todo los monumentos griegos pero, que, en realidad, el ambiente es pobre y no seduce mucho. Que, sacando los monumentos, Grecia no les ha llenado tal como ellos esperaban. [BDS: *Sevilla*: 76, 1]

Hai, ademais, outro factor que me afianza na crenza de que estamos ante formas verbais: a aparición de diversos xerundios que tamén indican exclusión e para os que non se cuestiona a categoría na que se inclúen:

Os débitos a clientes, excluíndo o efecto da cesión temporal de activos, presentan un crecemento interanual do 7,2 por cento. [CORGAetq: CG1999-05-01/25]

En liñas xerais, tódolos segmentos experimentaron aumentos nas matriculacións, exceptuando os vehículos comerciais lixeiros, que caeron un 1,83 por cento. [CORGAetq: CG1996-02-10/98]

Ningún dos dous corpus representativos do uso escrito do galego actual, CORGA e TILG, recolle as unidades *sacando* e *quitando* seguidas da conxunción *se* e entre os dous só achegan tres ocorrencias seguidas de *que*:

Non se está nada mal naqueles pazos meus , non vaiades pensar, quitando que chove coma fóra. [TILG: D. X. Cabana, *Morte de Rei*, Xerais, 1996]

O deportista tiña o dereito de esixir catro horas de entrenamiento ó día repartidas ó seu antollo, quitando que o chimpable estivese enfermo , cousa que habería de certificar un médico federativo, que tería a obriga de dar parte á Entidade para que esta proporcionase ó chimpador un anano suplente do Fondo Deportivo. [TILG: I. Novo, *Carne de can*, Positivas, 1997]

Pregunte... pregunte por aí, pregunte onde queira. / Abofé como non oirá palabra mala sobre este humilde traballador... / Ben, sacando que dea con algunha que outra lingua ruín, que diso ninguén anda libre. [CORGA: E. R. Ruibal, *A fonte de Ana Manana*, Transportes Castromil, 1994]

En calquera delas sería posible conmutar o xerundio por outro semellante coma *exceptuando* ou incluso *prescindindo*, que xa esixe frase preposicional con *de* (*prescindindo de que chove coma fóra/prescindindo de que o chimpable... / prescindindo de que dea...*), co que comprobamos que as subordinadas con *que* forman parte do esquema argumental verbal e, polo tanto, só cabe consideralas formas verbais, excluíndo aí a posibilidade de que *sacando* ou

quitando sexan preposicións ou conxuncións ou de que poidan formar locución conxuntiva con *que*.

En conclusión, o sentido exceptivo que se documenta nos xerundios de *sacar* e *quitar* no galego escrito contemporáneo, na miña opinión, é deducible do significado fundamental que posúen estes verbos: *Facer que [algo ou alguén] deixe de estar [co que estaba ou con quen estaba, sobre o que estaba, etc.]* (DRAG 1997, 2012¹³ *quitar, sacar*, primeira acepción) e non se debe a unha recategorización en preposición ou conxunción. Naturalmente, tampouco a súa combinación con *que* conforma unha locución conxuntiva adversativa ou condicional senón que só introduce o seu Complemento Directo.

4. *Excepto, menos, salvo*

4.1. *Características singulares*

Creo que o termo que mellor lle acae a *excepto, menos, quitado, de quitado, sacado, de sacado* -estes catro últimos só no suposto que vimos máis arriba- e *salvo* é o de partículas excluíntes ou exceptivas, malia que na NGLE se fala de excepción, por canto non é que se aparte ningún elemento do xeral, do que é común (definición do DRAG 1997 e 2012 para *excepción*) senón que se lle atribúe ao elemento que acompañan estas unidades a característica de deixalo fóra de algo ou non telo en conta¹⁴.

Esta denominación non é nova pois xa no *Esbozo* (RAE, 1973: 70) se designan "partículas incluyentes" a *aun, hasta e incluso* e "excluyentes" a *excepto, menos, salvo*, para as que se indica ademais que "tienen de común el significar inclusión en una serie o participación en algo" as primeiras e "exclusión de una serie o no participación en algo", as segundas.

Así pois, ao longo desta descrición empregarei indistintamente os adxectivos *exceptivo* e *excluínte* para referirme ás uni-

¹³ Dispoñible en <http://www.realacademiagallega.org/diccionario> [Consultado o 10/04/2012]

¹⁴ Curiosamente nin o DRAG da versión en rede do 2012 [consultado o 20/04/2012] nin o VOLGA rexistran ningún dos termos que propoño.

dades que sinalan que o designado por elas non está incluído dentro dun grupo que se indica expresamente ou que se omite por consabido.

A razón de ser de *partillar* antes *quitado/sacado* e *quitando/sacando* e non incluílos na descrición que segue débese a que, por ser moi poucos os exemplos dos que podemos botar man, non é posible verificar se gozan das mesmas características ca *excepto*, *menos* e *salvo*, motivo polo que decidín tratalos en epígrafes distintas.

A dirección que debo tomar para a análise que quero realizar, indícamas Pavón Lucero (1999: 590-591) ao afirmar que *salvo*, *excepto* e *menos*, teñen unha peculiaridade que as distingue das preposicións:

Otra peculiaridad de estas partículas que las distingue de las preposiciones es que no establecen una relación de subordinación, sino que ligan elementos análogos; ambos elementos, deben ser explícitos:

a. *Irán todos {excepto/salvo/menos} yo.*

b. **Irán excepto yo.*

c. *Cumplió todos los encargos {excepto/menos/salvo} uno muy difícil.*

d. **cumplió excepto un encargo muy difícil.*

Hay, sin embargo, dos excepciones. La primera de ellas se da cuando el elemento implícito es el objeto indirecto, generalmente en contextos negativos; la segunda, cuando llevan como término un complemento circunstancial:

a. *No dieron muchos regalos, {excepto/salvo/?menos} a los niños.*

b. *El Congreso se celebró sin contratiempos, {excepto/salvo/menos} el primer día.*

c. *Le gustaba mucho pasear por el jardín, {excepto/salvo/menos} cuando hacía frío.*

Así pois, partindo da tese de que *salvo*, *excepto* e *menos* establecen relacións entre estruturas funcionais paralelas, o que non implica estruturas categoriais idénticas, constrúo un corpus básico de análise para o galego -recollo no seguinte apartado unha versión reducida- e o castelán -inclúo así mesmo unha versión reducida no Anexo I- e estúdoos. A conclusión á que chego é que todos eles, nas dúas linguas, respectan a función sintáctica do sintagma que acompañan, de xeito que actúan

como segunda parte dun correlato explícito, ou se é coñecido implícito, ao que poden preceder ou seguir e ao cal engaden ou exclúen, dependendo da polaridade, o elemento que eles introducen: *todos excepto ~ salvo ~ menos os tres nenos...; ningún excepto ~ salvo ti...*

Deste xeito, ante unha secuencia como *Menos eu, foron todos á festa* establécese unha relación contraditoria negativa entre o segmento "menos eu" e o indefinido "todos", xa que a presenza de *menos* exclúe da totalidade un elemento, convertendo a afirmación en negación: *non fomos todos pois eu non fun.*

Antes de continuar faise necesario un pequeno apunte sobre o concepto de polaridade. Non é este o lugar para tratar, nin tampouco o meu obxectivo, a distinción entre indutores da negación e termos de polaridade negativa¹⁵. Aos efectos que nos interesan, imos entender por contexto de polaridade negativa non só todo aquel que presente o adverbio *non* senón tamén aquel que presente *nunca, tampouco* e/ou os indefinidos *ninguén, ningún e nada* e, en consecuencia, por polaridade positiva aquel enunciado que non presente ningún dos elementos anteriores.

Salvo e *excepto* son elementos contraditorios positivos e negativos posto que, ao combinarse tanto con polaridade positiva como negativa, permiten afirmar ou negar o que se di no enunciado. Así, *Salvo/excepto o caldo, comín todo* é unha estrutura contraditoria negativa, idéntica á de antes de *menos*, pois malia que estamos afirmando que comín *todo* ao tempo negámolo ao dicir que *o caldo* non. En contextos de polaridade positiva *salvo, excepto* e *menos* presentan o mesmo comportamento e pódese utilizar calquera deles.

A diferenza preséntase, non obstante, en contextos de polaridade negativa onde a estrutura contraditoria pasa a ser positiva, xa que se afirma aquilo que se nega. Ante *Excepto/salvo con María, non batín con ningún no camiño á igrexa* négase que o suxeito se atopase con algunha persoa, mais, ao tempo, afírmase que encontrou a *María*. Nestes casos non se emprega *menos*, que

¹⁵ Véxase, por exemplo, o capítulo 48 da NGLE (RAE, 2009).

esixe polaridade afirmativa, penso que por coherencia semántica co adverbio pois se non existe un grupo non se poden extraer elementos del. Dito popularmente, de onde non hai non se pode sacar.

4.2. Casuística

Dicía ao comezo do apartado anterior que *salvo, excepto e menos* establecen unha relación entre estruturas funcionais paralelas, que non categoriais. Pois ben, sirvan de xustificación da miña aseveración os seguintes exemplos extraídos do CORGA e do TILG, organizados primeiramente por presenza ou ausencia do correlato, a continuación por función sintáctica que desempeña o segmento no que se inclúen e, finalmente, no interior destas por polaridade, aparecendo primeiro as estruturas contraditorias negativas con polaridade afirmativa, e a continuación as estruturas contraditorias afirmativas con polaridade negativa.

4.2.1. Correlato explícito

4.2.1.1. Suxeito

- Por fin fómomos todos á cama excepto o Quietán e a súa nai que se quedaron a falar penso que un bo anaco pois non me enteirei cando o meu home se meteu na cama comigo. [CORGA: A. Conde, *Memoria de Noa*, Xerais, 1982]
- Excepto o capítulo de Coixet, un docudrama que transcorre en Barcelona, o resto de episodios, tres deles puro documental, foron gravados sobre o terreo con protagonistas dos conflitos que se contan. [CORGA: GH2007-03-06/55]
- Tódolos paraugas eran negros, e todos seguen a ser negros, salvo este, porque este é o paraugas da Lemesa, este é o paraugas dos días da súa infancia, e da súa infancia ten a cor. [CORGA: X. Miranda, *Historia dun paraugas azul*, Xerais, 1991]
- Como todas as mostras (salvo Durex Extra Seguro) superaron as probas de seguridade, o usuario pode elixir o tipo que prefira. [CORGA: C2007-05/35]
- Todos menos dez traballan a terra. [CORGA: TE1976-02/2]

- Todos o respetaban menos ela. [CORGA: L. Diéguez, *A canción do vagamundo*, Sotelo Blanco, 1986]
- Ninguén o sabe, excepto un home, Petro Valverde, modisto da infanta desde hai dez anos. [CORGA: CG1995-02-04/155]
- tempo despois, comprobouse que "ninguén o utilizaba, excepto unha señora que o colocaba no corno da vaca". [CORGA: CG1995-02-25/52]
- Antonio pensaba que, salvo María, ninguén coñecía aquela cámara. [CORGA: M^a X. Queizán, *Ten o seu punto a fresca rosa*, Xerais, 2000]
- Aurora Plata: Non se retracta ninguén, salvo dous. [CORGA: S. de Toro, *Camilo Nogueira e outras voces*, Xerais, 1991]

4.2.1.2. Complemento directo

- Botou a todos os importantes do partido excepto a el. [CORGA: ANT2009-01-15/25]
- O Congreso apoiou todas as emendas do Senado, excepto a que impoñía a condición de ser doutor para que un profesor permanente puidese ser elixido decano de facultade ou director de escola universitaria. [CORGA: GH2007-03-30/26]
- Puxeron a todos na tarefa de defensa, salvo as mulleres, que seguen pechadas na casa e coa pata quebrada, prisioneiras das drásticas leis islámicas. [CORGA: CG2001-10-06/48]
- Así, Dopico figura no posto número sete da lista que onte presentou o candidato á reelección, o actual alcalde Miguel Anxo Fernández Lores, quen sinalou que "ninguén cambia un equipo se está funcionando ben", para argumentar a decisión de manter en postos de saída a todos os concelleiros salvo a Xosé Lois Veiga. [CORGA: GH2007-03-04/11]
- Foi polos derradeiros de outubro, pois de alí a pouco cebaron a todos os que tiñan presos en Ferrol, menos ó Méndez. [CORGA: H. Puentes, *O bandido Casanova*, Xerais, 2000]
- Solucionábaos todos, menos os nosos. [CORGA: Ú. Heinze, *Culpable de asasinato*, Xerais, 1993]
- non tiña ningún mal, excepto unha desas pequenas feridas que lle saen ós vellos de estar sempre deitados e á que, precisamente, lle fixeramos a cura quince minutos antes de lle levar a merenda, que foi cando a descubrimos morta". [CORGA: CG1995-02-08/129]
- A SEME recorda que os médicos de estética teñen como licenciados en medicina e cirurxía seis anos de estudos

universitarios e posteriormente non hai ningunha outra formación recoñecida, excepto a que promoveu esta organización na Universidade das Illas Baleares. [CORGA: CG2002-05-20/25]

- E o único evidente foi a moita sorte que tivo polo socorro do paisano que acertou a pasar por alí e ouviu os seus gritos, mais que non puido corroborar a súa historia, pois nada estraño viu salvo á muller co vestido cheo de rabuñadas tombada no lamacentos chan e presa dunha crise histórica que lle custou acalmar. [CORGA: L. C. Carballal, *Historias non irrealis*, Espiral Maior, 2001]
- E aquí non hai ninguén, salvo o silencio duro que poucas veces fala, salvo o río estiñado da Lama de Vería, un levisimo aceno do que quizais nun tempo foi prodixio. [CORGA: X. Rábade Paredes, *Como levar un morto*, Sotelo Blanco, 2001]

4.2.1.3. Complemento indirecto

- Este prezo aplicarase a tódolos cursos excepto ó de danza, para o que se estableceu unha taxa única de 12.000 pesetas. [CORGA: CG1999-05-26/37]
- a sanción afecta a tódalas empresas situadas en Galicia, excepto Feiraco, segundo a seguinte relación establecida por orde das multas impostas: [CORGA: F1997-06/7]
- ¡A todo lle puxeches límite menos á tuzarada! [CORGA: X. Manteiga, *Morrer na herba*, Edicións Positivas, 1995]
- Cando nai e fillo se abrazaron naquel aparte que acababan de facer, a emotividade choeu as gorxas do esposo e dos outros fillos que observaban a escena distanciados e alleos, atribuíndo a calquera causa, menos á real, a deica entón demorada emoción mostrada no encontro que estaban presenciando. [CORGA: A. Conde, *Sempre me matan*, Ir Indo, 1995]

4.2.1.4. Complemento circunstancial

FRASAL

- Segundo indica o presidente do Colexio de Arquitectos de Santiago, Carlos Almuíña, "a baixada da actividade arquitectónica no referente a vivendas, circunstancia que é xeral en todas as comarcas excepto nas dúas do Camiño de Santiago, lévanos a pensar nunha estabilización da demanda". [CORGA: GH2005-02-20/4]

- En tódalas comunidades, excepto en Valencia, a taxa de matriculados é menor que a de prazas ofertadas. [CORGA: CG2001-10-27/27]
- Ese labor de compra que nunca se debe deixar de lado nunhas xornadas de banda deseñada terá o seu punto central na feira que terá como sede a Facultade de Ciencias da Educación todos os días salvo o sábado 5 e o domingo 6 de outubro. [CORGA: ANT2002-10-03/67]
- Por comunidades autónomas, o AIEE tivo un desenvolvemento desigual, reducíndose a taxa de temporalidade en todas salvo en Castela-A Mancha, Andalucía, Asturias, Canarias, Ceuta e Melilla, onde aumenta polo mal comportamento do sector público, mentres que en Navarra se mantén estable. [CORGA: CG1999-05-17/26]
- Capitanea un grupo de gamberros e, como che dixo Teresa, detivérono por case todo menos por asasinato. [CORGA: C. G. Reigosa, *Crime en Compostela*, Xerais, 1984]
- ademais, o feito de seren en todos os casos menos 1 ampliación de factorías xa existentes, explica a elevada porcentaxe de autofinanciamento. [CORGA: X. Fernández Leiceaga, *Capital estranxeiro e industrialización en Galicia*, Xerais, 1993]
- O conxunto de Verín, que non foi nunca por diante no marcador salvo no 0-2 inicial, estivo a piques de da-la campanada, pero os tiros libres convertidos ó final polos locais resolveron ó seu favor a contenda. [CORGA: VG1995-03-20/3]
- Nestes municipios, o PSdeG non tiña candidatura no 95 en ningún deles, excepto en Muras. [CORGA: CG1999-05-01/33]

CLAUSAL

- Eu vivín sempre con el , era a súa inseparable , excepto cando tiña que facer unha viaxe , que entón nin a min mesma me dicía a onde ía . [TILG: C. G. Reigosa, *Fuxidos de sona*, Xerais, 1989]
- Regra : « Unha condicional é verdadeira en todos os casos salvo cando o antecedente é verdadeiro e o conseqüente é falso , que é falsa » . [TILG: L. H. Busto Abella, M. Lozano Paz, F. Sampedro Ojeda, E. Tello León, R. Varela Puñal, *Noema. Iniciación á filosofía (3º de BUP)*, Ed. do Castro, 1983]
- Unha e outra vez , menos cando chovía , viña a pé , ulindo e ouservando as rúas de <1 San Telmo 1> . pero endexamais voltei a ver a aquel rapaz . [TILG: X. Neira Vilas, *Historias de emigrantes*, (s. n.), 1968]

- Nunca fora de moito falar, salvo cando a memoria lle traía escenas do pasado, referencias a tempos lindos; [CORGA: X. Alcalá, *Código morse*, Xerais, 1996]
- A el cortárallo un barbeiro só unha vez cando era novo e nunca, dicía, levou desgusto igual, salvo, claro estaba, cando lle morrera a nai. [CORGA: X. Lorenzo Tomé, *O paxaro que canta un nome*, Galaxia, 1996]

4.2.1.5. Complemento axente

- A hipnose é outro caso do mesmo tipo: o hipnotizado permanece inafectado por todos os estímulos excepto pola voz do hipnotista a quen obedece. [CORGA: M. Gondar Portasany, *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*, A Nosa Terra, 1993]
- "Doutra banda, non é comprensíbel (...) que esteamos acreditados por todos salvo por Moncloa", declarou. [CORGA: GH2007-03-21/80]
- Diego de Lemos: ¿Para arrincarme a confesión duns feitos coñecidos por todos menos polos meus verdugos? [CORGA: A. Magán, *Os rebertes. Retablo escénico en catro cadros*, Xerais, 1993]
- A rapariga, que é a mala oficial de España, está sendo entrevistada por todo o mundo menos por Sardá, que colleu, non sei se ben, o conseguinte globo con Zeppelin. [CORGA: CG2002-05-24/25]

4.2.1.6. Suplemento/Complemento adverbial

- As LDF ou tamén coñecidas como LDL (low-density lipoproteins) transportan o colesterol a todos os tecidos, excepto ao fígado, e ademais regulan a síntese de novo colesterol nas células deses tecidos. [CORGA: R. Varela Díaz, *Biología. Segundo Curso de Bacharelato*, Bahía Edicións, 1999]
- Por outro lado, o aviso por chuvia esténdese a tódalas provincias andaluzas, excepto a de Almería. [CORGA: CG2000-12-24/37]
- Sentía tanta necesidade de mirar a Mónica ós ollos que non facía máis que mirar para todas partes menos para ela, e iso tamén acabaría por delatarme, non era a primeira vez que incorría nese fallo. [CORGA: X. Cid Cabido, *Oralmente pola boca*, Xerais, 1997]
- Atribúeselle a Durruti ter dito, en plena guerra civil, que se podía renunciar a todo menos á victoria. [CORGA: GI1996-07/1]

- Non, prefiro pensar mentres camiño e a túa presenza incítame a todo menos á reflexión. [CORGA: X. C. Caneiro, *Un xogo de apócrifos*, Xerais, 1998]
- Uns cantos (moi poucos, todo hai que dicilo) avisamos que unha cruzada aérea como a de Kósovo, aquí non serviría para nada excepto para fundar novos cemiterios. [CORGA: CG2001-10-27/27]
- Sobre o programa de axudas que mantén a Xunta de Galicia para estas plantacións, Arco Iris indicou que o diñeiro público investido nesta liña "corre o perigo de non servir absolutamente para nada, excepto para mete-los propietarios nunha rúa cega, co conseguinte gasto para as economías familiares". [CORGA: CG1996-02-29/16]
- Xan: Non teño nada do que me arrepentir, salvo de non ter abandonado aquela loucura moito antes. [CORGA: R. Vidal Bolaño, *Rastros. Desgracia en catro tempos e unha presada de recordos*, Edicións Positivas, 1996]
- Quintana denuncia que os populares "son incapaces de entenderse con ningunha forza política, salvo con eles mesmos", e por iso pretenden que sempre governe a forza máis votada. [CORGA: GH2007-03-28/23]

4.2.1.7. Atributo/Predicativo

- As variacións nos prezos rexistradas na sesión de onte no mercado de Silleda foron todas á baixa, salvo as rexistradas na mesa do ovo. [CORGA: VG1995-06-14/4]
- Aquí en Cataluña, a todos os de fóra os chamamos casteláns, menos aos galegos que a eles os chamamos galegos. [CORGA: M. Fernández Mallo, *Cabilia*, Primerapersona, 2005]
- E deixouse convencer, en fin, polos seus sogros e polos seus pais e, ó final, a decisión fora de todos menos del; [CORGA: A. Conde, *Sempre me matan*, Ir Indo, 1995]
- Porque desde que caera preso dun estraño autismo, o PNV comportouse como calquera cousa, menos como un partido democrático. [CORGA: CG2000-12-15/77]
- "Confeso que non sei como considerar a un neno FIV excepto como a criatura do doutor que asistiu á súa concepción. [CORGA: M^a X. Queizán, *Ten o seu punto a fresca rosa*, Xerais, 2000]

4.2.1.8. Modificador de frase

- Útiles, especialmente no verán, para procurar acubillo e perderse na pracidade dunha sesta, como facía o esmolante que descansaba tumbado, pobre en todo excepto en tempo, á sombra "exemplar" dos parrais, como o retratou Ramón M^a del Valle-Inclán en Divinas palabras. [CORGA: CG2002-05-31/19]
- A ampliación do permiso de maternidade por fillos prematuros contou co apoio de todos os grupos parlamentarios, salvo o PSOE (formación que non conta con maioría no Senado), que se abstivo. [CORGA: GH2007-03-06/42]
- Eu intento que a vida do pequeno príncipe continúe dentro da normalidade, pero o rapaz está atento a todo, a todo menos ás leccións, naturalmente. [CORGA: M^a Gándara, *Magog*, Xerais, 1997]
- Paco Lores: Un desastre previsible por todos, menos por nós. [CORGA: S. de Toro, *Camilo Nogueira e outras voces*, Xerais, 1991]
- Temos fotos de todos, menos de Eustaquio Lamote. [CORGA: C. G. Reigosa, *Narcos*, Xerais, 2001]

4.2.2. Correlato implícito

4.2.2.1. Complemento circunstancial

FRASAL

- O prezo é de 1,50 euros toda a noite, pagado nun 75-85% pola Consellería, excepto nas áreas metropolitanas, nas que o custo será o do billete ordinario. [CORGA: GH2007-03-28/44]
- Sacábanse en idioma galego, aínda un tabú para esa época, salvo en círculos culturais moi restrinxidos. [CORGA: EC1984-11/5]
- Os cosacos, que eran de orixe eslava, menos ó leste, malia ter un maior espírito economicista da arte de guerrear, conservaron o seu tocado tártaro e as espadas de formas sinuosas. [CORGA: Jaureguizar, *Comendo espaguetis diante da televisión*, Xerais, 1998]
- Entrevistado: A pesar de que os políticos nos pedían que se illase socialmente a esquerda abertzale iso non pasou excepto unhas horas despois do asasinato de Miguel Ángel Blanco. [CORGA: TN2006-04/9]
- En troques brillan pola súa ausencia colexios galegos, xa non falamos de españois, que tampouco non existen salvo no caso de México e São Paulo. [CORGA: C. Sixirei Paredes, *A emigración*, Galaxia, 1988]

- O noso guía, o Xefe, aquel home do que fabricáramos un enigma, seguía sen alterar o seu paso decidido, non falaba con ninguén salvo para advertir dun perigo no camiño, para indicar as paradas ou o acampamento nocturno. [CORGA: X. Cid Cabido, *Días contados*, Xerais, 1991]

CLAUSAL

- "Todos os corpos perseveran no seu estado de repouso ou movemento uniforme en liña recta, excepto cando son forzados a cambiar dese estado debido a forzas inversas". [CORGA: A. Carreira Castro e C. Padilla Heredia, *Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía*, Bahía Edicións, 1998]
- Celso, salvo cando lle coloca mal o acento ás palabras esdrúxulas, ata parece estudiado. [CORGA: TN1997-06/19]
- Por iso lle resultaba tan fácil falar, explicar, expoñer, ensinar sen mirar ningún libro, salvo cando facía comentarios de textos. [TILG: X. Fernández Ferreiro, *A cidade das chuvias*, Xerais, 1994]
- O signo de alteración continúa afectando a unha segunda nota do mesmo nome, ligada á primeira e cunha barra de compás polo medio, polo que o signo non necesita repetirse, excepto cando hai cambio de liña. [CORGA: M. Groba Lorenzo, *Introdución á linguaxe musical*, Galaxia, 2006]
- Non hai, por tanto, investigacións neutrais, imparciais ou obxectivas, menos cando eses feitos do pasado posúen un innegábel interese público, como son o caso do inicio da guerra civil e da represión que seguiu no concello de Cerdedo, asuntos que Pereira analiza nos seus dous traballos. [CORGA: ANT2007-02-22/4]

4.2.2.2. Complemento directo

- Ante a mediocridade ambiente e o bombardeo de publicidade televisada o elector queda na casa ou vai pescar. Nada o atrae, nada o motiva, salvo ós máis politizados, ós que entran no xogo dos dous grandes partidos, a maquinaria de arrastrar cartos, 190.000 millóns de pesetas, máis que nunca, recadados na campaña. [CORGA: CG2000-11-07/5]¹⁶

¹⁶ Non considero que a aparición dos clíticos de acusativo ou dativo sexa explicitación de CD e CI, respectivamente.

4.2.2.3. Complemento indirecto

- Rosa Álvarez: Non sei por que é, porque eu tamén o fago e o asumo, que me costa moito, excepto á xente que xa sei a priori que non lle vai costar e que mo vai admitir con toda a boa historia, pero que son contadísimas as persoas, pois non o fago tampouco. E digo: "debería de facelo", porque a min tamén me gustaría que mo fixeran, e non son capaz. [CORGA: TDN1996-02/2]¹⁶

4.2.2.4. Complemento axente

- As medidas adoptadas teñen carácter "cautelar" para garantir a seguridade das persoas, así que a "zona perimetral" que se estableza non poderá ser traspasada salvo por persoas que estean en labores de extinción ou con autorización especial da policía ata que non se teña "completa seguridade" de que non hai riscos. [CORGA: GH2005-02-14/14]

4.2.2.5. Suplemento/Complemento Adverbial

- Neste sentido, precisou que en Andalucía se multiplicou por catro o número de inmigrantes clandestinos e, coas leis dos gobernos do PP, "aquí nunca viñeron inmigrantes regularizados, salvo ás campañas en Huelva", denunciou. [CORGA: CG2002-05-15/9]

5. Pros e contras da categorización prepositiva, adverbial e conxuntiva

Imos examinar de seguido, por ser posible tamén aplicálas ao galego, as razóns que se aducen na NGLE¹⁷ (RAE, 2009: 2465-2468) para desbotar a adscrición de *salvo*, *excepto* e *menos*, ás clases adverbio, conxunción e preposición. En cada un dos apartados engadirei aquelas que na miña opinión faltan ou que contradín o afirmado na NGLE. Así:

Criterios que as invalidan como preposicións:

¹⁷ Pese a que cinco anos antes xa Álvarez e Xove (2002: 655-656) apuntan a existencia de aspectos que permitirían remitir as *conxuncións restritivas* ás categorías preposición e adverbio, non sinalan cales. O único lugar no que atopei un breve estudo xenérico sobre estas partículas e a súa problemática, aplicables por extensión ao caso galego, é na NGLE.

1. *Salvo, excepto e menos* poden ir seguidos de xerundio e entre as preposicións só *en* pode facelo:

Coa mesma masa que cando estaba na S.P. (menos tendo en conta a convertida en enerxía), o volume da estrela medrou considerabelmente, o que leva a unha brusca diminución da súa densidade media. [CORGA: R. Vilalta López, *Astronomía práctica e outras cousas*, Toxosoutos, 1999]

En pasando ese momento exacto en que xorde de ningures a historia que lle ha dar contido e formas á novela, a un episodio, a unha personaxe, en pasando ese nó en que todo parece conxurarse, en que todo se imita milagrosamente sinxelo, a memoria formateábaseme de golpe e xa non me quedaba a onde acudir para reproducir a grande idea. [CORGAetq: A. Dobao, *Incertos*, Xerais, 2008]

2. As secuencias de preposicións están severamente restrinxidas por factores semánticos mentres que as partículas exceptivas poden ir seguidas de calquera preposición:

Para o público en xeral o prezo das entradas é de 10 euros, excepto para os menores de 14 anos que terán acceso grauíto. [CORGA: GH2009-04-08/116]

Botou a todos os importantes do partido excepto a el. [CORGA: ANT2009-01-15/25]

En materia de violencia, a opinión de que no País Basco non é necesario o recurso á violencia para resolve-los problemas políticos é maioritaria entre tódolos colectivos, salvo entre os simpatizantes de EH, aínda que tamén entre estes son máis os que se mostran de acordo con esta idea (45 por cento), que os que se declaran en desacordo (32 por cento). [CORGA: CG2000-11-12/35]

Por último, o portavoz do Grupo Vasco EAJ-PNV no Congreso, Josu Erkoreka, cualificou os cambios no Goberno de "insuficientes" porque "a reestruturación dun goberno é unha cousa secundaria cando o problema non está nos ministros senón no presidente, un improvisador nato, un home frívolo que fai experimentos con todo menos con gasosa e que non está acreditando dotes para unha presidencia eficaz". [CORGA: GH2009-04-08/73]

3. As partículas exceptivas rexeitan as construcións relativas.

4. Non admiten pronomes en caso oblicuo:

E, salvo el, ninguén se moveu. [CORGA: X. Alcalá, *Código morse*, Xerais, 1996]

Marchamos rapidamente, como se tódalas familias se puxesen dacordo, e aínda que aquel día non dixemos nada, creo que todos pensabamos o mesmo; é dicir, todos menos eu. [CORGA: X. Miranda, *A neve e a cadeira*, Nigra, 1994]

Dos argumentos esgrimidos pola RAE en contra de consideralos elementos prepositivos poderíamos menosprezar os seguintes¹⁸:

1) As secuencias de preposicións, inda que restrinxidas por factores semánticos, non son tan inusuais:

O pescador de cana, mollado e traspasado de frío até os ósos, avistou por entre as árbores a súa pequena vivenda. [CORGA: X. Fuentes Castro, *O pescador de cana*, Toxosoutos, 2006]

O capelán case vén sendo veciño meu; un tal don Felipe Orosa, de alá de contra a parte de Lalín. [CORGA: X. M. Martínez Oca, *As florestas do Mañuema*, Xerais, 1988]

2) Si se atopan cláusulas de relativo que constitúen o termo destas supostas preposicións mais nas cales non desempeñan función:

A SEME recorda que os médicos de estética teñen como licenciados en medicina e cirurxía seis anos de estudos universitarios e posteriormente non hai ningunha outra formación recoñecida, excepto a que promoveu esta organización na Universidade das Illas Baleares. [CORGA: CG2002-05-20/25]

Salvo o que permanece desta banda da barra, todo o demais está en perigo de extinción. [CORGA: F. Alonso, *Cemiterio de elefantes*, Xerais, 1995]

O único inconveniente radica en que, en tales exemplos, a preposición ten como termo unha cláusula de relativo na que, non obstante, non ten función no seu interior, polo que non forma grupo relativo. Feito que se repite cando o grupo

¹⁸Non intento rebater entre eles a combinación de preposición con pronome tónico recto porque calquera dos exemplos que se puidesen esgrimir sería cuestionable: *segundo eu, conforme eu...*

preposicional é correlato doutro que, á súa vez, inclúe unha preposición. Por exemplo:

Falar non lle fai mal a ninguén, excepto ó que fala.

Luns estará prohibido o acceso ás instalacións, excepto a quen traballe nelas¹⁹.

Nin *excepto*, nin *a* nos dous exemplos, *ó que fala* e *a quen traballe nelas*, se integran na cláusula de relativo, só a introducen pero sen desempeñar función ningunha no seu interior. Porén, non sempre que unha cláusula de relativo é termo dunha frase preposicional, desempeña a preposición función no interior dela. Así, nos exemplos seguintes *de* e *a* non teñen función ningunha na cláusula de relativo:

Faleiche de quen vai vir mañá de visita?

Pediráselle a quen leve temas económicos que mañá non veña.

A diferenza estriba en que mentres que as preposicións propias poden ocasionalmente non construírse con relativas, tal condición aplícase sempre a *salvo*, *excepto* e *menos*.

Hai, non obstante, outro factor non recoñecido na NGLÉ en contra da posible categorización nas preposicións e que na miña opinión é determinante para impedila: a mobilidade do segmento que introducen estes elementos.

Por unha banda, as frases preposicionais normalmente seguen ao elemento modificado e non o preceden, excepto en casos de hipérbato non aceptables en calquera tipo de discurso:

Segredo amor de leda mocidade / dos meus ensonos ilusión primeira, / no súpeto reencontro, a Saudade / sobre as cinzas erguen a fogueira. R. Cabanillas, *Da terra asoballada*, 1917: [CIRP: *Diccionario de termos literarios*, vol. II, Xunta de Galicia, 1998].

Por outra banda, non se apunta a incapacidade que outros modificadores preposicionais posúen para moverse con respecto ao seu núcleo coa liberdade coa que o fan os tratados aquí: *Salvo ti, fixémoslo todos.* ~ *Salvo ti, todos o fixemos.* ~ *Todos o fixemos, salvo*

¹⁹ Este exemplo podería, ademais, contarse na casuística que elaborei como unha mostra de estrutura contraditoria negativa con polaridade afirmativa para a función de CI con correlato non explícito, que non documentamos no CORGA e TILG.

*ti. ~ Todos, salvo ti, o fixemos / Fixeron unha casa sen ventás. ~ *Sen ventás fixeron unha casa.*

Así que, se ás singularidades mencionadas -non admiten pronomes en caso oblicuo; poden preceder o xerundio; poden ir seguidas de calquera preposición e rexeitan as construcións relativas- lle engadimos a da mobilidade que os caracteriza -tanto poden antepoñerse ao elemento do cal son correlato, como pospoñerse a el, como aparecer na secuencia sen que exista contiñüidade con el, parece claro que os argumentos en contra da delimitación como preposicións son contundentes.

Criterios que as invalidan como conxuncións subordinantes:

1. *Salvo, excepto* e *menos* rexeitan os verbos en forma persoal.
2. *Salvo, excepto* e *menos* admiten infinitivos e xerundios.

Coa mesma masa que cando estaba na S.P. (menos tendo en conta a convertida en enerxía), o volume da estrela medrou considerabelmente, o que leva a unha brusca diminución da súa densidade media. [CORGA: R. Vilalta López, *Astronomía práctica e outras cousas*, Toxosoutos, 1999]

Era un acoso para o que non había remedio, excepto esperar, tamén con certa resignación, que el non se decatara dos meus erros, que era case inevitable que o fixera. [CORGA: C. Franco, *A lúa no cénit e outros textos*, Edicións do Castro, 1988]

"Non teño plans precisos para o futuro inmediato, salvo tratar de aclarar se isto é posible, unha decisión que para algúns causou tristeza, ou indignación ou sensación de que os abandonei. [CORGA: CG2000-11-21/54]

Todo menos entronizar e entregarnos ó instante e ó Efémero. [CORGA: GI1996-06/11]

Criterios que as invalidan como conxuncións coordinantes:

1. *Salvo, excepto* e *menos* preceden aos dous termos que unen, propiedade que non posúen as conxuncións coordinantes:

Salvo algún que outro paxaro, ninguén se acercou á fonte. [CORGA: X. Fernández Ferreiro, *Agosto do 36*, Xerais, 1993]

Excepto o Servidor de Nodos e os Monitores de Actividade, tódolos compoñentes do SVG foron programados en Java. [CORGA: DX2001-01/11]

Na NGLE, defendendo a clasificación como conxuncións, establécese un paralelismo entre estas partículas exceptivas e as conxuncións comparativas por canto a relación entre *todos* (ou o

cuantificador universal que o supla) e *excepto* no esquema *todos... excepto...* é similar á relación entre os cuantificadores *máis* ou *menos* e a conxunción comparativa *que* en *máis...* ou *menos... que...* Non obstante, a diferenza das comparativas, *excepto*, *menos* e *salvo*

a) poden aparecer en incisos na forma descontinua (fronte á comparativa: **A xente estaba moito máis contenta, ca antes*):

Había dous homes á barra, dous "pailáns" (este termo ofensivo axiña o aprendían os madrileños) aos que ninguén daba atención salvo eu, que os coñecía por seren da aldea: o Piloto, que andaba embarcado, e o Zóupalle-zóupalle, paxeiro. [CORGA: X. Alcalá, *A nosa cinza*, Follas Novas, 1980]

Todos falaban en voz baixa, excepto Aser. [CORGA: C. Gonsar, *Desfeita*. (*Semirreportaxe*), Xerais, 1983]

tempo despois, comprobouse que "ninguén o utilizaba, excepto unha señora que o colocaba no corno da vaca". [CORGA: CG1995-02-25/52]

b) non ten por que haber identidade categorial estrita entre os dous termos (pola contra, si a ten que haber na comparativa: *Aínda fixo máis de contramaestre na cuberta ca de piloto na ponte*):

A nova Lei do Solo, que substituirá a Lei do Réxime do Solo de 1998, foi aprobada onte definitivamente co apoio de todos os grupos parlamentarios salvo o PP. [CORGA: DLV2007-05-11/85]

Puxeron a todos na tarefa de defensa, salvo as mulleres, que seguen pechadas na casa e coa pata quebrada, prisioneiras das drásticas leis islámicas. [CORGA: CG2001-10-06/48]

Un sector relativamente pequeno da poboación impón os criterios de programación de todas as cadeas excepto a 2, a veces_ sen deixar unha fenda para propostas menos troglodíticas. [CORGA: GI1996-04/71]

Así pois, dado que *salvo*, *excepto* e *menos* non poden combinarse con formas verbais persoais, tamén semella que a súa delimitación na clase das conxuncións é imposible, a menos que se decida crear un novo subtipo para estes elementos que só actúan no interior da cláusula como segunda parte dunha función sintáctica clausal ou frástica, que manteñen o paralelismo funcional co seu correlato e cuxas relacións só se establecen entre unidades menores cá cláusula.

A proposta quizais puidese apoiarse no feito de que, así como hai conxuncións que só introducen cláusulas (*se, porque...*), por que non pode haber conxuncións que só introduzan unidades menores?²⁰ A maior obxección a esta análise, non obstante, véxoa no feito de que, malia que dadas as súas características as relacións establecidas por estas unidades entre os dous elementos análogos poderían considerarse un novo tipo de estrutura bipolar ou binaria, non creo que se poida seguir esta liña de traballo xa que non sempre precisan que o correlato estea explícito -situación frecuente no caso dos circunstanciais e máis inusual con outras funcións²¹- e, ademais, poden ocupar enunciado independente (véxanse os seguintes exemplos), co que un dos membros da suposta estrutura binaria habería que recuperalo do contexto ou recompoñelo:

Di Roberto Blanco que os países non teñen lingua. Salvo en Madrid. En Madrid teñen lingua. [CORGA: TN1997-04/21]

A poucos días de que expire o prazo da prórroga, non se ten constancia de que a Mesa de Contratación, da que forman parte un representante de Facenda e altos cargos de Fomento, fose convocada para trata-lo asunto. Salvo que esta se reunise en secreto, o cal xa sería o colmo, pois viría a confirmar-las sospeitas que xa recaen sobre a limpeza dun proceso de adxudicación enturbado pola presión que están exercendo as grandes empresas do sector. [CORGA: CG1999-05-08/3]

Pero conseguían mantelos inmovilizados. Salvo ós besteiros lemeses, que dispararon de novo e outros dez ou quince homes morreron. [CORGA: X. Miranda, *Historia dun paraugas azul*, Xerais, 1991]

O que pasa é que si existe, claro. Excepto para os fundamentalistas do verbo existir. [CORGA: X. Borrazás, *Contos malvados*, Xerais, 1998]

²⁰ Sería interesante afondar nesta vía en relación con *ca* e *coma*, pois son as únicas conxuncións en galego que non poden combinarse con forma verbal persoal, así como na relación existente entre os relativos *cando*, *onde*, *como* e *que* e mailas preposicións *canda* e *onda* e as conxuncións *ca* e *coma*.

²¹ Véxanse os exemplos recollidos, tanto con polaridade negativa como afirmativa, para a opción de correlato non explícito no apartado anterior para o galego ou no Anexo I para o castelán.

Nós fomos a subir o teito entre todos, incluída a UCD. Excepto AP, que intentaba recortar cuestións coma "nacionalidade galega", idioma, etc. [CORGA: S. de Toro, *Camilo Noqueira e outras voces*, Xerais, 1991]

Todos ás nove na casa. Menos el, claro, que virá cando lle pete. [CORGA: X. C. Couceiro, Á. Cuña Bóveda, F. Dacosta e B. Muñoz Saá, *Tics*, Bahía Edicións, 2000]

Observaba como se despregaban os seus sentidos. Menos o do olfacto sexual. Dese nunca lle falaba. [CORGA: M^a X. Queizán, *Ten o seu punto a fresca rosa*, Xerais, 2000]

Posto que semella que os argumentos en contra da clasificación de *salvo*, *excepto* e *menos* no paradigma das preposicións e das conxuncións son contundentes, e dado que son unidades invariables, só me queda revisar os argumentos en contra da súa catalogación como posibles adverbios.

Criterios que as invalidan como adverbios:

1. *Salvo*, *excepto* e *menos* non poden incidir sobre verbos en forma persoal, fronte aos adverbios.
2. Os adverbios de inclusión poden seguir aos elementos que modifican mentres que as partículas exceptivas non, e ademais non hai que poñelos en relación cun antecedente.

Por unha banda, en contra do que se afirma na NGLÉ (2009: 2465-2466) non todos os adverbios inclusivos poden seguir ao elemento que modifican, por exemplo *ata*: *Ata ti o fixeches* ~ *Fixéchelo ata ti* ~ *Ata o fixeches ti* pero **Fixéchelo ti ata*.

Outro tanto ocorre cos usos adverbiais de *nin*: *Ninguén o fixo*, *nin ti*. ~ *Nin ti o fixeches*. ~ *Non o fixeches nin ti* pero **Non o fixeches ti nin*.

Por outra banda, aínda que non é obrigatorio e lembremos que tampouco o é sempre no caso das excluíntes, tamén é posible atopar ocorrencias de adverbios inclusivos, coma *incluso* ou *ata*, en relación cun elemento análogo, a semellanza das partículas exceptivas:

Erguinme antes do amencer e do canto dos paxaros e, case ás escuras, funme ó curral cunha bolsa de plástico baixo o brazo e a idea de desplumar a unha galiña, pero ó final ante o rebulicio da familia galiñácea, acabei por desplumalas a todas,

incluso ó pavo branco. [CORGA: A. Riveiro Coello, *Airadas de palabras*, Laivento, 1998]

O obxectivo, en todo caso, pasa por proporcionarlle ó paciente a oportunidade de gozar dunha boa saúde en todos os ámbitos, incluso no estético porque, de non facelo, o simple feito de ter que poñer un biquini para ir á praia pode converterse, por esas peles que colgan, nun trago difícil de pasar. [CORGA: GH2007-03-20/24]

Sospeito de todos, ata de vostedes, se me apuran, ¡fíxese como estou! [CORGA: X. Vázquez Pintor, *Quen faga voar*, Laivento, 2000]

[texto omitido]ou Carmela para evitar as confusións, e había tamén quen prefería que se chamase Branca, ou Clara, ou Alba, para que ficase ben clariño ante calquera que a honras das doncelas da casa non quedara comprometida co asunto, que alí eran doncelas todas, ata dona Carme, se me descoido, cos seus tres partos sen poñerlle intención á cousa. [CORGA: T. Moure, *Herba moura*, Xerais, 2007]

E así mesmo, algún deles, coma *mesmo* ou *incluso*, presentan aínda máis restricións, pois se están en presenza do elemento análogo non o poden preceder:

Naquela casa, os cartos eran a mellor baza para amíсталos e poñelos contentos a todos, mesmo aos pais, tan alonxados entre si. [CORGA: L. Diéguez, *A canción do vagamundo*, Sotelo Blanco, 1986]

[texto omitido]do presidente americano e dos seus secretarios de Estado, Colin Powell primeiro ou Condoleeza Rice despois, así que a partir de agora hai que explicarlle ó presidente americano que Zapatero é o presidente do goberno de todos os españois, de todos, mesmo dos que non comparten a súa política. [CORGA: GH2005-02-24/53]

En canto nos metemos co Xeneral viráronnos as costas todos, incluso os pais, que en paz descansan. [CORGA: X. Quiroga, *Atuado na braña*, Xerais, 2002]

A segunda lei do barón Muncaci, clave na súa teoría das previsións históricas, establecía que os acontecementos, incluso os fortuítos, se rexen por series conectivas. [CORGA: A. Lopo, *Ganga*, Xerais, 2001]

Ademais, ambos, exceptivos e inclusivos, poden aparecer xuntos:

Incluso os axudantes, salvo San Francisco, quedan aínda como metidos con calzador. [CORGA: CG2001-10-02/10]

Aquí todo o mundo rectifica ata Rodrigo Rato excepto Setién e o problema non é que porfíe no erro, senón que ningún por riba del, ningunha autoridade da igrexa católica, mete en cintura o peculiar bispo, ó que tanto preocupan os terroristas e tan pouco as vítimas dos terroristas. [CORGA: CG2001-10-26/23]

Outra característica máis: este tipo de constituíntes parece ter natureza parentética, o que supón un indicio a favor da súa función modificadora:

Tras detallar que todos os restos de explosivos que se acharon nos focos e escenarios das explosións estaban custodiados na Unidade Central de Tedax (excepto un que tiña a Garda Civil), Manzano subliñou que "era imposible" que se contaminasen "porque alí non hai DNT (dinitrotolueno) ou metenamina". [CORGA: CGH2007-03-15/64]

En radioastronomía pódese observar o cosmos de noite e de día (salvo en posicións moi próximas ao Sol). [CORGA: C2007-05/1]

As televisións aliméntanse de cousas así, culebróns informativos, e a Guerra do Golfo tiña tódolos ingredientes e tódalas cámaras ben colocadas para arrasar (menos primeiros planos, que non había). [CORGA: CG2000-11-23/77]

O plan establece que os palestinos terán a soberanía sobre o Aberto das Mesquitas da cidade vella de Xerusalén excepto o subsolo que seguirá baixo soberanía israelí a cambio de renunciar a calquera demanda para a aplicación práctica do dereito ó retorno dos case catro millóns de palestinos que abandonaron ou foron expulsados dos seus fogares ó crearse o Estado de Israel en 1948. [CORGA: CG2000-12-27/9]

Os bispos de España salvo catro asinaron a carta de alianza co réxime franquista no 1937. [CORGA: ANT2007-02-08/69]

Ninguén menos quen conta unha restra de anos debería levantarse cedo, coa luz lívida, mortuaria, que pintou Caravaggio, nesas horas fatídicas que concentran a maioría de defuncións. [CORGA: ANT2003-02-06/23]

"Eu creo nunha democracia especificamente pluralista, que esixe a consulta e compromiso, e que recoñece as reivindicacións –os dereitos– de grupos e de individuos ós que, ex-

cepto en situaciones de crisis extrema, está prohibido excluír das decisións democráticas...". [CORGA: CG1996-02-08/2]

Un filón de 36 "pequenos xenios de mentes prodixiosas", todos eles estudantes de Bacharelato, salvo un de cuarto de secundaria, é o balance da cuadraxésimo terceira edición da Olimpíada Matemática Española que acaba de celebrarse, nesta ocasión, en Torrelodones (Madrid). [CORGA: GH2007-03-26/19]

O Congreso dos Deputados aprobou onte o proxecto de Lei do Xurado co apoio de tódolos grupos, menos o PP, que non votou en contra pero se abstivo por considerar que se fai unha reforma procesal encuberta coa que non está de acordo. [CORGA: CG1995-02-24/52]

A semellanza das preposicións, a supresión de *salvo*, *excepto* e *menos* debe estar acompañada da do segmento no que se atopa inserida pois, se non o está, prodúcese agramaticalidade ou varía a interpretación do constituínte do que forma parte. Así, en b) todas as secuencias resultan agramaticais mentres que en c), ao suprimir o correlato, observamos resultados diversos, dependendo da función sintáctica que desempeñen: imposible suprimir o correlato con Suxeito -a segunda-, dubidosa ao prescindir del con Complemento Indirecto -a terceira-, totalmente correcta con Complemento Circunstancial -a primeira- e correcta, pero cunha interpretación totalmente distinta, con Suplemento -a última delas-.

- a) Salvo os cinco primeiros minutos, o Ademar sempre contou con vantaxes no marcador que foron de ata tres goles no primeiro período, 8-5 e 13-10.
Non se retracta ninguén, salvo dous.
A todo lle puxeches límite menos á tuzarada.
A túa presenza incítame a todo menos á reflexión.
- b) *Os cinco primeiros minutos, o Ademar sempre contou con vantaxes no marcador que foron de ata tres goles no primeiro período, 8-5 e 13-10.
*Non se retracta ninguén, dous.
*A todo lle puxeches límite á tuzarada.
*A túa presenza incítame a todo á reflexión.
- c) Salvo os cinco primeiros minutos, o Ademar contou con vantaxes no marcador que foron de ata tres goles no primeiro período, 8-5 e 13-10.

*Non se retracta salvo dous.

*Puxeches límite, menos á tuzarada

A túa presenza incítame menos á reflexión.

En teoría, todo adverbio constitúe o núcleo dunha frase adverbial, podendo ser modificado na maioría das ocasións: *Estou lonxe*. ~ *Estou lonxe de ti*. Dende esta óptica *excepto, salvo e menos* non poderían considerarse adverbios. Mais a afirmación anterior é falsa por canto no paradigma dos adverbios hai elementos que sempre son modificadores e non poden aparecer illados. Curiosamente vénme á cabeza un adverbio de inclusión, *ata*, e outro de realce negativo, *nin*. É obvio que ningún destes é un adverbio prototípico dos que tradicionalmente se clasificaban segundo indicasen modo, lugar, tempo, etc. Ao meu parecer *salvo, excepto* e o *menos* excluínse son realmente adverbios; o último xa non deixou de selo e os dous primeiros gramaticalizáronse a partir dos participios correspondentes. Non obstante, o seu valor non é léxico senón fundamentalmente gramatical, de xeito que en función da polaridade varían a interpretación do segmento que acompañan, convertendo as estruturas só en aparentes contradicións. É máis, considero que se integran no grupo de adverbios que xogan coa polaridade: uns afirmativos sempre, *incluso, tamén...*; outros sempre negativos, *nin, nin sequera, menos* e finalmente *salvo e excepto* que non definen a afirmación ou negación, que se manteñen en suspense, ata a realización concreta da polaridade na secuencia.

É verdade que non consigo explicar o feito de que non poidan combinarse con formas verbais persoais, mais é probable que a orixe de tal peculiaridade radique precisamente na característica definitoria destes tres elementos: sempre son modificadores de funcións clausais ou frasais; o Predicado, o verbo, só condiciona, dependendo da súa polaridade, o elemento que se pode empregar para indicar a exclusión e precisa, a maiores no caso de *salvo e excepto*, o significado que eles deben achegar á secuencia.

6. *Excepto se, salvo se, (de) quitado se, (de) sacado se, menos se*

Realmente son contados os casos nos que se produce esta combinación no galego escrito actual. Consultados exhaustivamente o TILG e o CORGA, non dei con máis de 14 ocorrencias que reproduzo a continuación por consideralas de interese.

EXCEPTO SE: [CORGA: 2] [TILG: 2]

- 1) Sobretudo as últimas, as definitivas palabras con que conluía o romance: nunca o rouxinol quererá esquecer o canto, excepto se este é roto polo acróstico paulatino, como na infancia. [CORGA: R. Raña Lama, *Nun cuarto para agardar / O último hexagrama / Cantar sen xesta de Lanzarote do Lago / Destino de Lumia / Grabación da volta a Galiza, dende o pazo de Raxoi*, Edicións do Castro, 1985]
- 2) En opinión do técnico, subir á selección absoluta ó dianteiro madridista sería cargalo, prematuramente, de excesiva responsabilidade. "Non son tan esixente con Raúl. En ataque é onde máis difícil é xogar e non quero agobialo. Nun club, o adestrador pode pensar que é necesario, excepto se traballa coa canteira, mais eu non podoo utilizar a Raúl nun partido e logo quitalo. Contarei con el cando estea fisicamente feito e teña un rendemento superior ó do xogador que substitúa", engadiu. [CORGA: CG1996-02-21/114]
- 3) A liña da Cabeza é unha das liñas que mellor formadas deben estar , pois calquera accidente que se vexa no seu percorrer indicará algunha preocupación da cabeza , excepto se é un cadrado , xa que estes sempre indican protección . [TILG: M. Aneiros, *Quiromancia*, Vía Láctea, 1991]
- 4) Cando se trata de adultos , é o propio paciente quen firma o consentimento , excepto se está incapacitado mentalmente ou inconsciente ; nese caso sería un familiar quen o tería que firmar . [TILG: P. Corral Muñiz, M^a C. García Rodríguez, M^a A. Blanco Deza e Xosé Franco Vázquez, *Prácticas de auxiliar de enfermería*, Sotelo Blanco, 1992]

MENOS SE [CORGA: 0] [TILG: 1]

- 5) A morte segue en xeral á súa manifestación , menos se a ánima non se deixa ver . [TILG: M. Mandianes Castro, *Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega*, Galaxia, 1984]

DE QUITADO SE [CORGA : 1] [TILG: 0]

- 6) A cousa federal, que aí á volta dos tempos non se podía mentar por menos de cinco anos e un día, non mete agora medo a ninguén (de quitado se pensamos na factura de Jordi). [CORGA: *GI1996-05/34*]

SALVO SE [CORGA: 4] [TILG: 4]

- 7) Contoume que el, ao contrario ca min, non prefería a compañía dos homes, salvo se era inevitábel. [CORGA: M. Lourenzo González, *Noites de papel*, Xerais, 1997]
- 8) Nada anormal salvo se se ten en conta que hai eleccións o próximo mes de maio, eleccións que son e marcarán indefectiblemente o barómetro político do país. [CORGA: *GH2007-03-22/64*]
- 9) Non se intúen no interior do hórreo espazos _visíbeis, claro está_ para o vicio tan inconfesábel, tan prohibitivamente prohibido, salvo se falamos da sala das columnas brancas, que asemade soportan todo o peso do hemicio. [CORGA: *GH2007-03-28/21*]
- 10) A confirmación do borrador supón a presentación da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e o seu prazo conclúe o 2 de xullo (último día de Campaña de Renda), salvo se o resultado é a ingresar e se domicilia o prazo, nese caso, o prazo acaba o 25 de xuño. [CORGA: *GH2007-03-31/72*]
- 11) Istes acontecementos non atinxiron cáseque nada ó desenrolo económico do país , salvo se , como sospeita <3 Murguía 3> , foi no tempo dos suevos - causa que non está demorada - cando se orixinaron na <1 Galicia 1> os minifundios que a caracterizan . [TILG: A. Núñez Domínguez, *Ensaio e artigos 1956-1973*, Armonía Universal, 1964]
- 12) [...]tendo dereito ao seu disfrute todos os veciños cabezas de familia da parroquia ou núcleo de poboación que tradicionalmente o teñan posuído , sendo o aproveitamento preferentemente común , salvo se os Municipios estimasen comenente o cultivo agrícola , en cuio caso poderán os distribuír temporalmente en lotes ou parcelas , que terán de se adjudicar aos cabezas de familia por períodos de 5 anos de duración máxima , facendo a distribución en proporción directa ao número de familiares e inversa á riqueza dos respectivos adxudicatarios » - artigo 89 - , que vén rectificar[...] [TILG: M. Artime Prieto, *A veciña, a parroquia e a propiedade*

xermánica en Galicia, Estudios do dereito civil de Galicia, Sept, 1973]

- 13) Pode ÷se asimilar á sub- zona de <1 Redondela 1> por presentar unhas características moi similares, salvo se se exceptúa que o centro de consumo máis importante radica na cabeceira de sub- zona que era e sigue sendo <1 Pontevedra 1> . [TILG: X. Posada, *Os viños de Galicia*, Galaxia, 1979]
- 14) « ... o poder afrodisíaco da lamprea está no seu sangue , deixando as virtudes durmitivas para a súa carne curada, e o caldo no que coceu. O sangue da lamprea é moi escuro e espeso, e ten un suave sabor a canela . O erótico, tras comer a lamprea, ha de mollar pan no mollo ata acabar con el , salvo se come a lamprea con culler, que tamén se usa. [TILG: *A Peneira (Xornal galego de información xeral; quincenal)*, nº 217, 1ª quincena de abril, 1997]

A cuestión a dilucidar é se se trata de locucións conxuntivas condicionais ou se, pola contra, estamos, segundo a terminoloxía constitutivo-funcionalista ante un modificador -o adverbio excluínte- e mais unha cláusula con *se*. Os manuais máis recentes de galego, salvo as *Normas* e parcialmente López Viñas, Lourenço Módia e Moreda Leirado (2010)²², non as consideran locucións -Freixeiro (2000), Álvarez e Xove (2002), Hermida (2004)- mentres que nos portugueses -Vilela (1999: 260) e Mira Mateus e outros (2003: 706)- si se caracteriza como tal a *salvo se*.

Se acudimos aos criterios que adoitan empregarse para discriminar o grao de cohesión dunha combinación -significado diferenciado do da suma dos seus constituíntes, rección modal e imposibilidade de intercalar ningún elemento entre eles- comprobaremos que non o son. Así:

- a) Significado diferenciado. Non se produce unha desemantización: *salvo*, *excepto* e *menos* indican, en relación coa polaridade do CONDICIONADO²³, como se teñen que interpretar as condicións que se expresan a continuación deles e *se*, supeditado polo modificador anterior, introduce as condicións en que se vai cumprir

²² Resultan contraditorios por canto inclúen *salvo se* pero non as demais.

²³ Véxase, por exemplo, G. Rojo e T. Jiménez Juliá, 1989.

o expresado anteriormente. Vémoslo cun exemplo moi sinxelo: *Non levo paraugas, salvo se chove. Só* -información achegada por *salvo* en relación coa negativa anterior-*levo paraugas, se chove* -condición en que se cumpre-.

- b) A combinación dun dos adverbios excluíntes e mais a conxunción *se* non rexe un modo especial; tanto se combina con indicativo (exemplos 1-11 e 13-14) como con subxuntivo (exemplo 12), dependendo de se a condicional é irreal ou non.
- c) A pesar de que nos exemplos recollidos non aparece ningunha ocorrencia, sería posible intercalar entre o adverbio exceptivo e a conxunción por exemplo un adverbio de dúbida: *Non creo que o neno nos dea moito traballo, salvo, quizais, se non dorme ben. ~ Conto con aprobar o exame de mañá, menos, se cadra, se me caen os escritores románticos.*

Así pois, non son locucións conxuntivas por canto non están cohesionadas nin se aparta o seu significado do da suma dos seus elementos.

7. *Excepto que, salvo que, (de) quitado que, (de) sacado que, menos que*

Novamente a cuestión a dilucidar é se se trata de locucións conxuntivas condicionais e adversativas ou se, pola contra, estamos, ante unha cláusula introducida pola conxunción *que* á que modifica o adverbio excluínte. Unha vez máis, a solución achegada nos distintos manuais do galego non é homoxénea: Freixeiro (2000) non as trata; Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986) así como as *Normas* (1995 e 2003) ou Hermida (2004) e mais López Viñas, Lourenço Mória e Moreda Leirado (2010) considéranas tanto no paradigma das condicionais como no das adversativas e, finalmente, Álvarez e Xove (2002: 158) inclúenas como combinacións, mais non locucións, nas condicionais, coa observación de que "nestas oracións a complexidade sintáctica é maior ca nas outras oracións condicionais, pois o termo que antecede a *se / que (excepto, non sendo...)* introduce un reparo ou contraposición de signo contrario ó cumprimento da aserción

feita na principal, como unha sorte de adversativa da anterior e de prótase reducida".

Novamente rastrexo exhaustivamente o CORGA e o TILG co fin de establecer un corpus amplo e variado que me permita realizar distintas probas. As ocorrencias atopadas para *menos que* e *excepto que* recólloas todas deseguido; para as de *salvo que* inclúo aquí só un par de exemplos representativos de cada un dos posibles usos, pois non é posible recollelos todos polo seu número: 85 no CORGA e 42 no TILG²⁴. Clasifícoos en función da significación e do modo verbal co que se combinan:

Significado condicional: modo subxuntivo²⁵

1. Como o rei dera palabra de que o que atinase se iba de casar cúa súa filla , foi e deu +lla por muller ; pero estonces foi e saltou a reina : - ; Ai ! Non se casa cúa miña filla menos que traia xente capaz de comer o que se guise nunha somana . [TILG: L. Prieto, *Contos vianeses*, Galaxia, 1958]
2. Xa non se pod ' ir ónha malla menos qu ' o chamen , i antes xuntaban +se , se cuadra corenta ou cincuenta personas , e dice : - ; Ai , canta xent ' houbo na miña malla ! ; Valga +me Dios ! Per ' agora , menos que chamen a un xa non se pod ' ir , porqu ' a xent ' agora , non quere botar pan , claro . [TILG: M. López Castro, *A fala de Sarria (Lier, Calvor, Castelo). Estudio fonético e léxico. [Textos dialectais]*, Memoria de Licenciatura da USC, inédita, 1990]
3. A acción xudicial débese exercer no prazo de tres meses, salvo que se trate de acordos contrarios á lei ou ós estatutos, caso en que o prazo é de un ano. [CORGA: C200511]
4. Todo iso rematou, salvo que quixésemos volver á pobreza e incluso á esterilidade. [CORGA: TN199710]
5. Porque, salvo que a morte o impedise, a Escandoi sempre volvían os emigrados que saíran por ver de se facer ricos. [CORGA: R. Loureiro, *O corazón portugués*, Galaxia, 2000]

²⁴ Para cubrir posibles intercalacións entre os dous elementos das supostas locucións preocepime tamén de consultar en ambos corpus todas as ocorrencias en que o adverbio excluínte fose seguido ata a posición cuarta pola unidade *que*.

Matización, corrección: modo indicativo²⁵

6. Ai eu , ese calzad ' é mui sano . Pó inverno é mui sano . I o , i o , i os zocos tamén son san ... , é un bon calzado , menos que , quelaro , enfría pola ' mpeña algo más o pé . [TILG: X. L. Vázquez Somoza, *O galego en Zolle (textos dialectais)*, Tese de licenciatura, 1986]
7. ENT . ¿ Colle unha de tres centímetros ? } . { J } . Colle , porque equí na boca , é a mesma canción , ¿ non sabe ? . Leva todo igual menos que dispois equí , nas cuchillas , a ... , leva más ou menos calibre . [TILG: X. L. Vázquez Somoza, *O galego en Zolle (textos dialectais)*, Tese de licenciatura, 1986]
8. Es ' é un eixe cunhes piñós , que a fai mover esas paletas , entonces dá †sell ' òn veo e con eses piñós pois circula . {ENT. ¿ Iso había que comprá- lo ? } . { J } . Eso , o veo , eso, quelaro . É de ferro i hai que comprá- lo , i o , i o eixe que a move , tamén . Menos que dispois o cuadro hai que facé- lo equí todo de madeira , ¿ non ? . [TILG: X. L. Vázquez Somoza, *O galego en Zolle (textos dialectais)*, Tese de licenciatura, 1986]
9. Perto da miña casa vivía un home coa súa familia, non había nada extraordinario neles, todo era normal, excepto que cada vez que había lúa chea, o marido chamaba á porta en vez de, como facía o resto dos días, abrir coa súa chave. [CORGA: C. Franco, *A lúa no cénit e outros textos*, Ediciós do Castro, 1988]
10. Todo estaba ben excepto que saíamos das duchas totalmente enxabonados, cheos de espuma que non podíamos quitar. [CORGA: C. Franco, *A lúa no cénit e outros textos*, Ediciós do Castro, 1988]
11. Os ollos de Helena tiñan un aspecto moi semellante ós poemas de Francisco de Sás, excepto que ó pasa-las follas apareceu un debuxo no comezo dunha delas, unha raíña ou princesa vestida cun traxe vermello e cuberta cun manto azul, orlada a súa figura de pequenas volutas de ouro. [CORGA: M. Aleixandre, *Tránsito dos gramáticos*, Xerais, 1993]
12. O ibérico "de landra" analizado custa o dobre ca os cinco "de cebo", pero non foi mellor na cata nin distinto en composición

²⁵ Nestes dous apartados obsérvase unha grande diferenza na escolla da partícula entre o galego escrito e o oral. Na escrita só se documenta este uso con *salvo que* e *excepto que*, mentres que na oralidade se emprega *menos que*, como podemos ver pola procedencia dos exemplos.

nutricional, salvo que ten máis graxa e carece de aditivos [CORGA: C200812]

13. A terra é a mesma en todas partes, salvo que nunhas vai máis frío ca noutras, e esta é das máis frías. [TILG: X. Miranda, *O demo á orella*, Xerais, 1996]

Excepcionalidade. Adverbio excluínte + cláusula subordinada substantiva: indicativo e subxuntivo

14. Pide ñlle canto queiras, que che día os cartiños que tén no fondo da súa huchiña, que ande arrastro, todo menos que mate unha pita. [TILG: J. M. López, *Contos de polavila*, 1928]
15. Se cumpría con todo isto, os fregueses disimularían certos defectos do seu pastor, salvo que levase unha vida ben desordenada, andando hoxe cunha muller e mañá con outra. [TILG: P. Saavedra, *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*, Universidade de Santiago, 1992]
16. Menos que che perdoe a vida, podes pedir as que queiras. [CORGA: R. Vidal Bolaño, *A ópera de a patacón. Versión libre para charanga e comediantes pouco ou nada subsidiados, arredor de textos de John Gay e de Bertolt Brecht*, Xerais, 1998]
17. Eu non comprendía gran cousa, excepto que a metáfora bíblica do exército con pendón despregado parecía advertir que non bastarían afrodisíacos, que precisaría saltaparapetos para asaltar fortaleza semellante. [TILG: B. Iglesias, *O mellor francés de Barcelona*, Galaxia, 1999]
18. « Perguntado si a S. Sría . puxera algunha nova imposición na dita cidad, respondeu que non vira imposición nova que puxera Súa Señoría, eceuto que os seus oficiais querén estender ñse a máis do que soían facer, nin nunca se fixo; e que da persona da S. Sría . non hai que dicir, nin por que queixar ñse, antes hai que agradecer ñlle a boa doutrina, predicación e enxemplo que dá ». [TILG: A. López Ferreiro, *A tecedeira de Bonaval*, 1895]
19. "E non teño nada máis que dicir, salvo que nós representámo-los intereses lexítimos das institucións galegas neste asunto, sen ter tampouco nada, como é natural, contra o espírito de cooperación co veciño Portugal". [CORGA: CG1995-02-25/16]
20. Nada se sabía –porque el nada deixaba saber– da súa vida na España, e case nada dos seus primeiros tempos na emigración, salvo que, mentres procuraba horizontes de fortuna, fora empregado de escritor na capital. [CORGA: X. Alcalá, *Latitude austral*, Galaxia, 1991]

Á vista dos exemplos parece que con *excepto, menos e salvo* seguidos de *que* e en combinación co modo subxuntivo nos atopamos con dous tipos de estruturas diferentes:

A) Interpretación condicional, cando non se aprecia ningunha estrutura contraditoria nin existe correlato²⁶, exemplos 1 a 5. Neles semella que, por significado diferenciado e rección modal, nos atopamos ante unha verdadeira locución condicional. Non obstante atópanse gretas na súa cohesión por canto, por unha banda, é posible intercalar algún elemento entre os dous constituíntes (exemplos 21 e 22) e pola outra, porque a non repetición obrigada do adverbio en casos de coordinación clausal (23) ou a coordinación entre unha frase nominal e unha cláusula con *que* (exemplo 24) demostran que non se inmovilizou completamente.

21. As forzosidades clínicas –o caso particular que o curador ten diante de sí– obrigan a ir engadindo máis e máis determinantes, máis e máis condicionantes que, en verdade e si se emprega unha linguaxe médica, son síntomas e non causas. Salvo, claro está, que reservemos para a idea de causa o estreito perímetro explicativo que a palabra tivo nos eidos da Ciencia clásica, hoxe, por fortuna, ben superado. [CORGA: D. García-Sabell, *As facianas do erotismo contemporáneo*, Galaxia, 1976]
22. Un contexto no que, desgraciadamente, a sociedade no seu conxunto ten pouco que gañar, e moito que arriscar. Salvo, claro está, que funcionen axeitadamente as demais institucións indutoras de estabilidade nos sistemas democráticos: nomeadamente a xustiza, e particularmente a xustiza constitucional. [CORGA: GH2007-03-11/74]
23. Por iso, dixo que non entendía esas polémicas, "salvo que queiran ser expresión dun capricho político ou que se queira servir a rancores alleos, o cal sería triste". [CORGA: CG2000-12-07/59]
24. Salvo algún contratempo ou que o seu estado de forma se debilitase alarmantemente, situábase entre os fixos para o grande acontecemento. [CORGA: CG1996-02-12/137]

²⁶ É imposible a conmutación indicada por Álvarez e Xove (2002), dependendo da polaridade, por *pero non* ou *pero si*

B) Interpretación contraditoria, positiva ou negativa segundo o adverbio de que se trate, exemplos 14 a 16. Neles, a suposta locución é conmutable por *pero non* ou *pero si*, dependendo da polaridade da secuencia, e explíctase o elemento análogo funcionalmente idéntico ao que introduce o adverbio (CD, neste caso). Non son, pois, locucións, senón exemplos clausais en alternancia cos frasais das estruturas que viñemos describindo.

As combinacións de *excepto*, *menos* e *salvo* seguidos de *que* co modo indicativo están moi próximas na significación: en ambas se interpreta unha corrección. Non obstante, nuns casos (secuencias 6 a 13) non se produce a variación de lectura do enunciado anterior introducindo unha excepcionalidade ao alí expresado, é dicir, non se exclúe nada ou ninguén dun grupo dado, senón que se só introduce unha matización ou singularización correctiva, facendo que se dea a complementación e non a contraposición entre os dous correlatos. Noutros casos, exemplos 17 a 19, si existe a contraposición, de xeito que o segmento que introduce o adverbio excluínte provoca que se anule a lectura anterior introducindo unha excepcionalidade ao alí declarado. Ao meu parecer, só as primeiras son locucións conxuntivas, sinónimas de *pero* ou *só que*, por canto incorporan un significado distinto do da suma dos seus compoñentes e non hai probas en contra da súa cohesión interna (aínda que sería posible intercalar un marcador discursivo, non atopei ningún exemplo nos corpus: *Os zocos son bos, menos, claro está, que son fríos*).

Conclusiones

A complexidade que rodea as formas que amplían o seu campo de funcionamento e, simultaneamente, significación é manifesta sempre; non obstante, cando estas unidades son invariables, as dificultades acentúanse por canto os límites e criterios de delimitación entre preposicións, adverbios e conxuncións non sempre son claros. A existencia de corpus representativos do uso do galego (CORGA, TILG) e do castelán (CREA) permíttume realizar unha análise exhaustiva sobre o comportamento

das unidades *excepto, menos, quitado, quitando, sacado, sacando* e *salvo* en contextos reais de uso.

A primeira conclusión que se pode extraer da análise realizada é que se deben eliminar as formas xerundiais, *sacando* e *quitando*, deste grupo, pois os poucos exemplos atopados en ningún momento se apartan dos trazos verbais que as caracterizan: as unidades sintácticas coas que forman grupo están directamente relacionadas co seu esquema argumental e o significado excluínte non só forma parte de todo o paradigma verbal senón que é o que aparece recollido en primeiro lugar nas obras lexicográficas.

Polo que se refire ás formas participiais, *sacado* e *quitado*, si se observa a súa gramaticalización para a expresión da excepcionalidade en galego, dado que se produce a inmovilización na forma masculina singular e se constata a falta de concordancia co segmento que acompaña. Obsérvanse tamén outros dous datos curiosos nos corpus galegos; por unha banda, a preponderancia de *quitado* e, pola outra, a existencia das variantes, nos mesmos contextos de uso, coa preposición *de* anteposta: *de quitado, de sacado*. Para o castelán actual non se documenta este uso e *quitado* e *sacado* só aparecen en tempos compostos, perífrases ou construcións normais de participio absoluto.

O escaso número e variedade dos exemplos atopados para *sacado* e *quitado* non me permite integralos, a efectos de definir características funcionais, no mesmo grupo ca *salvo, excepto* e *menos* xa que as conclusións ás que puidese chegar derivarían de suposicións e non do uso real.

A análise realizada sobre a casuística de *salvo, excepto* e *menos* proporcionáanos datos que poden organizarse en dous grupos: un referido ao comportamento sintáctico e o outro relacionado coa súa categorización. Polo que concirne ao primeiro, estas unidades atribúenlle ao elemento que acompañan a característica de deixalo fóra de algo ou non telo en conta; a maiores, establecen unha relación de tipo restritivo entre o segmento co que van e o sintagma co que se relacionan, producíndose a relación entre estruturas funcionais paralelas, o que non implica estruturas categoriais idénticas. Todos eles, tanto en ga-

lego coma en castelán, respectan a función sintáctica do sintagma que acompañan, de xeito que actúan como segunda parte dun correlato explícito, ou se é coñecido implícito, ao que poden preceder ou seguir e ao cal engaden ou exclúen, dependendo da polaridade, o elemento que eles introducen: *todos excepto ~ salvo ~ menos os tres nenos...*; *ninguén excepto ~ salvo ti...* Son elementos contraditorios: *salvo* e *excepto* son contraditorios positivos e negativos posto que, ao combinarse tanto con polaridade positiva como negativa, permiten afirmar ou negar o que se di no enunciado, mentres que *menos* é sempre negativo e constrúese con polaridade afirmativa.

Polo que se refire á súa clasificación morfolóxica en galego e castelán, existen argumentos contundentes para desbotar a súa delimitación entre as preposicións: non admiten pronomes en caso oblicuo; poden preceder o xerundio; poden ir seguidos de calquera preposición; rexeitan as construcións relativas e tanto poden antepoñerse ao elemento do cal son correlato, como pospoñerse a el, como aparecer na secuencia sen que exista contigüidade con el. O non combinarse con formas verbais persoais xoga tanto en contra da inserción nas conxuncións coma nos adverbios mais existen outros trazos, que se os vemos en conxunto, condicionan a escolla a favor da súa consideración entre os adverbios: 1) poden aparecer en incisos na forma discontinua, fronte ás conxuncións comparativas coas que se pretendía realizar un paralelismo; 2) non todos os adverbios inclusivos poden seguir ao elemento que modifican, por exemplo *ata* e *nin*; 3) é posible atopar ocorrencias de adverbios inclusivos, coma *incluso* ou *ata*, en relación cun elemento análogo, a semellanza das partículas exceptivas; 4) hai adverbios, coma *mesmo* ou *incluso*, que presentan aínda máis restricións, pois se están en presenza do elemento análogo non o poden preceder e 5) no paradigma dos adverbios hai elementos que sempre son modificadores e non poden aparecer illados, por exemplo *ata* e *nin*.

Daquela, creo que *salvo*, *excepto* e o *menos* excluínte son realmente adverbios; o último xa non deixou de selo e os dous primeiros gramaticalizáronse a partir dos participios correspondentes. Non obstante, o seu valor non é léxico senón funda-

mentalmente gramatical, de xeito que en función da polaridade varían a interpretación do segmento que acompañan, converxendo as estruturas só en aparentes contradicións e intégranse no grupo de adverbios que xogan coa polaridade: uns afirmativos sempre, *incluso, tamén...*; outros sempre negativos, *nin, nin sequera, menos e, finalmente, salvo e excepto* que non definen a afirmación ou negación, que se manteñen en suspense, ata a realización concreta da polaridade na secuencia.

Finalmente, ningunha das unidades estudadas conforma locución de tipo condicional en combinación coa conxunción *se*, senón que o adverbio actúa como modificador do condicionante introducido por *se*, xa que non están cohesionadas nin se aparta o seu significado do da suma dos dous elementos. Estes dous últimos motivos son válidos tamén para desbotar a existencia de locución con *que*, tanto con indicativo como con subxuntivo, nas significacións condicional e contraditoria excluínse. Mais existe unha terceira posibilidade, esta só co modo indicativo, onde non se produce ningunha excepcionalidade ao indicado no enunciado senón, máis ben, unha matización ou singularización, podendo conmutar por *pero* ou *só que*. Creo que só neste último caso se pode falar de locución de tipo adversativo, malia que sexa cuestionable a súa cohesión interna: *Os zocos sonche bos, menos que son algo fríos*.

Bibliografía citada

- Alarcos Llorach, E. (1994): *Gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe.
- Álvarez, R., H. Monteagudo e X.L. Regueira (1986): *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia. (2ª ed., 1989)
- Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, R. (1994): "Secuencias de pronomes átonos en galego moderno" en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso de lingüística e filoloxía románicas*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa, vol. VI, 247-265.

- Costa Casas, X. X.; M^a A. González Refoxo, C. C. Morán Fraga e X. C. Rábade Castiñeira (1988): *Nova Gramática para a aprendizaxe da lingua*. A Coruña: Vía Láctea
- Cunha, C. e L. Cintra (1984): *Nova Gramática do Português Contemporâneo*. Lisboa: Edições João Sá da Costa (18^a ed., 2005).
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. A Coruña: A Nosa Terra.
- García, C. e M. González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, M. e A. Santamarina Fernández (coords.) (2004): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*. Santiago de Compostela/A Coruña: ILG/RAG.
- Hermida Gulías, C. (2004): *Gramática práctica. (Morfosintaxe)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- López Viñas, X.; C. Lourenço Mória e M. Moreda Leirado (2010): *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*. A Coruña: Baía Edicións.
- Mira Mateus, M. H.; A. M. Brito; I. Duarte e I. Hub Faria e S. Frota, G. Matos, F. Oliveira, M. Vigário e A. Villalva (2003): *Gramática da Língua Portuguesa*. Lisboa: Caminho, 5^a ed., revisada e aumentada.
- Pavón Lucero, M^a. V. (1999): "Clases de partículas: preposición, conjunción y adverbio" en I. Bosque e V. Delmonte (dirs.) *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. I, RAE: *Sintaxis básica de las clases de palabras*. Madrid: Espasa, 565-655.
- Real Academia Española (1973): *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Real Academia Española (1992): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe, 2 vol., 21^a ed.
- Real Academia Española/Asociación de Academias de la lengua española (2009): *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa.
- Vilela, M. (1999): *Gramática da Língua Portuguesa*. Coimbra: Almedina.

Corpus consultados

Corpus de Referencia del Español Actual (CREA) -
<http://corpus.rae.es/creanet.html>

Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) -
<http://corpus.cirp.es/corga>

Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado (CORGAetq) -
<http://corpus.cirp.es/corgaetq>

Corpus Técnico do Galego (CTG) - <http://sli.uvigo.es/CTG/>

Corpus CTAG - Corpus Técnico Anotado do Galego -
<http://sli.uvigo.es/CTAG/>

Tesouro Informatizado da Lingua Galega - <http://sli.uvigo.es/TILG/>

ANEXO I: CASUÍSTICA PARA O CASTELÁN

Por cuestións de espazo proporciono un único exemplo para cada un dos casos. Os exemplos están organizados primeiramente en función de se o correlato está explícito (os de 1) ou implícito (os de 2); de seguido, por función sintáctica e, finalmente, diferencio no interior desta, mediante guións con trazo descontinuo, os correspondentes ás estruturas contraditorias negativas cuxa polaridade é afirmativa (en primeiro lugar) daqueles pertencentes ás estruturas contraditorias positivas cuxa polaridade é negativa (van a continuación). Por último, recollo tamén exemplos para as distintas combinacións de *salvo*, *excepto* e *menos* coas conxuncións *que* e *si* en función do modo verbal co que se constrúen.

1. CORRELATO EXPLÍCITO:

1.1. SUXEITO

- "Buenas tardes, caballeros", dijo con un tono levemente irónico, como queriendo insinuar que todos los presentes eran caballeros **excepto el abuelo**.
 - Todos los grupos políticos, **salvo EH** que no estaba presente en la votación, dieron el sí al documento que vela desde ayer por el derecho al descanso de los donostiarras.
 - Poco después, todos ellos **menos dos** fueron puestos en libertad por la policía, que ha sido acusada de actuar con tibieza contra los neonazis.
-
- Mas por el momento nadie en España conocía esta carta, **excepto el príncipe y alguno de sus consejeros**.
 - No obstante, **salvo los grupos más conservadores y euroescépticos**, ninguno apeló a bloquear su ratificación, que deberán realizar el Parlamento Europeo y las Cámaras de los quince países de la UE.

1.2. ATRIBUTO/PREDICATIVO

- Los elementos distractores pueden ser de todo tipo, **excepto contacto físico**.
-
- nada es seguro, **excepto que la Verdú se manifiesta en ropa interior con las primeras lluvias del otoño para proporcionar-**

nos a las ocho de la mañana ese escalofrío de extrañeza que produce un desnudo a la intemperie.

1.3. COMPLEMENTO DIRECTO

- Durante el período de prueba, el trabajador tendrá los derechos y obligaciones correspondientes al puesto de trabajo que desempeñe como si fuera de plantilla, **excepto los derivados de la resolución de la relación laboral, que podrá producirse a instancia de cualquiera de las partes durante su transcurso.**
- Que el abandonismo político de la clase intelectual por estas fechas, decisivas en la historia de todos, no llegue a causar daños de importancia, es algo que, **salvo a los dimitidos testigos de la historia pasada, que parecen haber enterrado con ella su conciencia crítica**, debería alarmar seriamente a todos los que aspiran a hacer la historia de mañana mismo.
- Meier está tan contento que le ha dicho a Molins que regalará al museo todos los dibujos originales expuestos, **menos uno que reserva para su hijo.**

-
- los mormones no beberían una bebida con cafeína, mientras que los jainitas no podrían tomar ninguno de estos alimentos, **excepto el pan**, a no ser que tuviera sésamo.
 - Las ausencias de Caminero, Kiko y Simeone deterioraron el juego ofensivo de un líder que nunca encontró rasgos de brillantez **salvo los ofrecidos por el serbio Pantic.**

1.4. COMPLEMENTO INDIRECTO

- Lula le dedicó la peor de sus sonrisas, sirvió bebida a todos **excepto a la muchacha** y, acodándose en un cojín sobre el piso, propuso que empezaran con la reunión.
- ¿A qué antepasados suele celebrarse **salvo a los grandes matarifes o a los mayores ladrones de la tribu?**
- Pues bien, esto es algo que sorprende a todos **menos a los propietarios de rentas antiguas**, ya que nuestra vida inmobiliaria está llena de renunciaciones, de aplazamientos, de injusticias, etcétera.

-
- En el taller de los barqueros no había un solo hombre al que no le bailara la risa en los ojos, **excepto al ciego**, que seguía dando forma a un mástil, como si nada.

- Hasta 1951, a ningún europeo, **salvo a la autoridad británica**, se le permitió recorrer todo Nepal.

1.5. SUPLEMENTO/COMPLEMENTO ADVERBIAL

- Durante esos días se quejaba de todo **excepto de lo que a él le pasaba**".
- Desde que es secretario general, Solana se ha desplazado ya a todos los estados miembros de la Alianza **salvo a Italia y España**, "y en ambos porque ha habido cambio de Gobierno", explican en la Alianza.
- Toda campaña electoral -incluso para la presidencia de un club de fútbol- requiere sacrificios y ahí está don Ramón apuntándose a todos los saraos **-menos a los de su íntimo enemigo José M. García, por supuesto-** para predicar la buena nueva de su programa.

-
- También incluye, si lo desea, clases de cocina para aprender a alimentarse sin privarse de nada, **excepto de la grasa y las calorías**.
 - Humbert Humbert es un enfermo de una dolencia habitualmente atroz y moteada de placeres vertiginosos o abismales y tornadizos, que tampoco conduce a sitio alguno, **salvo a nutrirse de ella misma**;

1.6. COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL

Frasal

- Las diferencias eran significativas entre la media de los perfiles factoriales obtenidos en todos los posibles pares de centros estudiados, **excepto en el de Basilea-Montreal**.
- La inflación descendió en diciembre respecto al mes anterior en todos los países **salvo en Portugal y Holanda**.
- Vamos a crecer más que Galicia y más que España en todos los sectores **menos en el textil**, incluso en la pesca.

-
- Esto ha sido así siempre **excepto en tres ocasiones en el siglo XIX**.
 - El portero me aclaró que don Manuel nunca salía de su casa, **salvo en muy raras excepciones** y que no era capaz de mezclarse con la gente.

Clausal

- Cero pequeñito para Rosario Nadal, princesa de Preslav, que siempre elude la mirada a las cámaras, **excepto cuando hay una exclusiva.**
- Los incidentes en esas aguas son continuos y casi siempre se ha podido comprobar la intervención de submarinos, **salvo cuando ha habido víctimas mortales.**
- Siempre allí al sol, en su silla, **menos cuando tenía que hacer la comida y las cosas de la casa** porque mi madre cogía la puerta, sé iba y se pasaba fuera una tarde o venía tarde por la noche, yo no sé lo que haría por esas Málagas.

-
- Todos los ensayos deben realizarse en el mismo laboratorio sin interrupción ni manipulación alguna del producto y sin que en ningún caso éste abandone las instalaciones del laboratorio, **excepto cuando sea expresamente autorizado por UNESA.**
 - Aún recuerdo la mañana en que entre tu abuelo y yo empezamos a levantar estos muros, y **salvo cuando di a luz a tu madre,** no he faltado un solo día.

1.7. COMPLEMENTO AXENTE

- El grupo socialista ha presentado 17 enmiendas a esta ley que fue pactada por todas las fuerzas políticas del Congreso, **excepto por el PP.**
- Ciento cuarenta y ocho años después de la aprobación del último Código Penal del que se dotó este país, entra hoy en vigor el llamado "Código Penal de la democracia", aprobado por todo el arco parlamentario en la anterior legislatura, **salvo por el Partido Popular.**
- Sin la aprobación del presidente del Gobierno, TVE no podría continuar un día más en su actual situación, rechazado por todos **menos por el beneficiario directo de su tendenciosidad, sectarismo y utilización partidista.**

-
- Este es un aspecto de Twickenham, de la catedral del rugby, del auténtico santuario, cuya hierba, por cierto, no puede ser pisada por nadie **excepto por los jugadores en los partidos internacionales o bien en las finales de los campeonatos británicos.**
 - El profesor de colegio, Agustín Pozo, manifestó que dos indígenas habían sido heridos de bala desde la Prefectura, dato no corroborado por ningún otro testigo, **salvo por un doctor Céspedes.**

des, de la localidad de Huanta, que afirmó haber atendido esa misma noche en dicha ciudad a dos comuneros que presentaban heridas producidas por arma de fuego de pequeño calibre.

1.8. MODIFICADOR DE FRASE

- Han sido invitados dos representantes de cada partido, **excepto de HB**, que ha impuesto como condición la presencia de tres de sus hombres, y se ha salido con la suya.
- La dimisión del director general de Telemadrid, Silvio González, a petición del presidente regional Alberto Ruiz-Gallardón, tras la emisión del reportaje Los caminos de Euskadi, ha suscitado una fuerte reacción en las filas de todos los partidos, **salvo el PP**.
- Los socialistas se han visto obligados asimismo a ser muy generosos con todos, **menos con el PP**, en el reparto de las presidencias de las comisiones parlamentarias.

2. CORRELATO IMPLÍCITO:

2.1. COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL

Frasal

- La Fiesta no puede permitirse por más tiempo que aquellos que deberían defender sus señas de identidad y educar a las nuevas generaciones de aficionados permanezcan, **salvo contadísimas excepciones**, en esta situación de indignidad.
 - En ninguna parte, **excepto en la imaginación de un científico nazi de la Segunda Guerra, capaz de haber creado una bestia perfecta, que ha sobrevivido a su creador, a su submarino naufragado y al Führer**.
 - El autor es Simón Schuster, quien controla los derechos mundiales, **menos en la Unión Soviética y en el bloque comunista**.
 - Miguel es un buen chico, **menos en el campo de fútbol**.
-
- [En algunas teorías de la autogestión, el poder civil se autoconvertía en poder económico y político, con sus propios mecanismos o readaptando algunos anteriores... la experiencia de esos procesos de autogestión, de hecho, no ha sido la mejor y **excepto en pequeñas unidades...**, no ha resultado exitosa; lo que no significa que haya que rechazar la idea como inválida].
 - En cambio, los refugiados palestinos que viven en campos desde la creación de Israel, no podrían volver a ese país **salvo en casos**

específicos de reunificación familiar, y recibirían compensaciones económicas para asentarse en sus países de acogida.

Clausal

- Fueron muy educados, **excepto cuando les dije que publicaría sus nombres en la crónica que haría de su visita**", explica John Young a este suplemento.
- El caso es que a África, **salvo cuando la cosa se puso tan fea que hubo que echar mano de todos**, sólo iban los desgraciados, hecho que no redundaba en una gran popularidad de la guerra ni de la milicia.
- En El Cairo todo el mundo hablaba fuerte y recio, **menos cuando se trataba de la "res política"**.

-
- Ya no había acompañamiento popular para la ilusión, **excepto cuando se movilizaba a la gente para algo**, y entonces iban, por curiosidad o por afición.
 - La intolerancia, **salvo cuando es la nuestra o la de los nuestros**, repele.

2.2. COMPLEMENTO INDIRECTO

- Cabe preguntarse cómo pueden estorbar la precisión, la improvisación y la alegría, **excepto a los imprecisos, los rutinarios y los tristes**.
- En línea apabulló con sus controles y exhibiciones (recuérdese el día glorioso de Lieja), dominó en las contrarreloj (se impuso tanto en Seraing como en el Lago de Vassivière) y dio lecciones en la alta montaña (arrasó en La Plagne, **salvo a Alex Zülle, a quien dejó marcharse porque no era, y no lo fue después, peligroso**).

-
- La cita de varios nombres seguidos además de no interesar casi nunca, **excepto a los aludidos**, no permite a la audiencia quedarse con ellos debido a la fugacidad del mensaje radiofónico.
 - Ni siquiera pudo contarle, **salvo a su propio padre**.

2.3. COMPLEMENTO AXENTE

- Muchos de los puestos de trabajo creados en Estados Unidos en 1993 (2,5 millones) serían rechazados en Europa **-excepto por los emigrantes-** por falta de garantías.
- Mis manos se convirtieron en prioras, en la única voz respetada, obedecida, **salvo por nuestra huéspedada que de nuevo ence-**

rrada, apenas se dejaba ver sino algún que otro rato, entreabriendo su puerta para enviar o recibir, como solía, a sus secretos correos.

- Ninguno de los dos es superado en tamaño, **excepto por leones y tigres.**
- "La libertad de prensa es uno de los grandes baluartes de la libertad y no puede nunca ser restringida, **salvo por Gobiernos despóticos**" (Declaración de Derechos de Virginia, 12 de junio de 1776, artículo 12).

3. MODIFICADOR DO CONDICIONANTE EN ESTRUCTURA CONDICIONAL

3.1. Con *SI* + INDICATIVO

- Nunca acostumbro a titular antes de escribir, **excepto si no sé qué es lo que voy a contar.**
- El entrenador blanco, **salvo si las cosas cambian como de la noche al día en los próximos días**, tiene sus horas contadas en el conjunto blanco.
- Parece increíble que la mentalidad de Chapí diera un salto tan espectacular en sólo siete años, **menos si pensamos que fue gestada antes.**

3.2. Con *QUE* + SUBXUNTIVO

- Quisiera agregar que, **excepto que sea un consagrado internacionalista, ningún mandatario** podría adoptar por sí mismo una decisión de tan histórica trascendencia sin oír a sus asesores en política internacional.
- Lo cierto es que sobre su cabeza pesan muy serias acusaciones y, **salvo que sus abogados desarrollen una extraordinaria labor**, este polémico dirigente acabará en la cárcel para pagar sus deudas con la justicia.

4. MODIFICADOR DE CLÁUSULA SUBSTANTIVA: INDICATIVO E SUBXUNTIVO

- Nada podía deducirse de todo ello, **salvo que, quizá, la suerte no estaba acompañando al Comet en su primer año de vida.**
- Comprendía absolutamente todo lo referente a Irene, **excepto que ella era el tipo de mujer que, llegado determinado momento de su vida, se lo jugaba todo a una carta.**

- Y es que todo encajaba, **excepto que MP pasara una noche fuera de casa, la más pública que el periodista pudiera imaginar jamás.**
- Voz del Arquitecto.- Pero me habías dicho que hiciera lo que quisiera. / Voz del Emperador.- Todo lo que quieras, **salvo que hagas la noche.**
- Combina la poesía de Zaid el más desatado romanticismo en versos como los que descubrimos en "Circe": "Mi patria está en tus ojos mi deber en tus labios. / Pídeme lo que quieras **menos que te abandone**", junto a otras formas más próximas a la cotidianidad: "Después de media noche, / del cine, con una extraña ebriedad, / ausculto el corazón de mi coche / de miedo de auscultar mi soledad", en un poema ("Mil y una noches") que irá decantándose más adelante en otras formas más imaginativas y coloristas.

5. LOCUCIÓN CONXUNTIVA ADVERSATIVA: *QUE* + INDICATIVO
(= *pero, solo que*)

- Estaban exactamente igual que la última vez, **excepto que ella no tenía una Doble Águila en las manos.**
- Las columnas se seleccionan de la misma forma que las filas, **salvo que en sentido vertical.**